

Código



Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 49 OUTUBRO/NOVEMBRO 2006 • PREZO 1€

Dereitos da muller e fin da violencia

Mobilizacións fóra e dentro da Rede

Chegan os cibernenos

Pregunta: cantos anos tes? Resposta: 010101010101

Entrevista co equipo de escoitar.org

Superando unha xordeira de séculos

Inminente Windows Vista

Que hai de verdade no novo sistema operativo de Microsoft?

MEMORIAL DA LIBERDADE

REPRESIÓN E RESISTENCIA
EN GALIZA 1936-1977

EXPOSICIÓN NO AUDITORIO DE GALICIA. SANTIAGO DE COMPOSTELA
3 DE NOVEMBRO DE 2006 / 31 DE XANEIRO DE 2007

ORGANIZA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación
e Difusión Cultural



COLABORAN





CÓDIGO CERO revista de novas tecnolóxicas de Galicia

Director

Xosé María Fernández Pazos
(director@codigocero.com)

Subdirectores

Marcus Fernández
(webmaster@codigocero.com)
Carlos Ballesteros
(cballesteros@codigocero.com)

Redactores-Xefes

Fernando Sarasquete
(redaccion@codigocero.com)
Carlos Lozano
(cuetorubio@yahoo.es)

Redacción

Damián Fernández (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
Emiliano Gómez (Informática)
David Lombardía (Nova
Economía)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Víctor Salgado (Dereito)

Colaboraron neste número:

Carme Adán, Raquel Noya, David
Lombardía, Marcus Fernández,
Eva Campos e Fernando
Sarasqueta

Supervisión lingüística:

Sonia Pena.

Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Joférpa.

Edita:

Grupo Código Cero Comunicación
UNINOVA.

Polig. Ind. do Tambre Vía La
Cierva, s/n (recinto Mercagalicia)
Código Postal: 15890 - SANTIAGO
Tel. 981 51 96 00/93 63 24
Fax. 981 55 77 07
Móbil: 690 60 71 02
http://codigocero.com
redaccion@codigocero.com

Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO
Teléfono: 981 554 444
correo@mundografico.net

Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón, 30 - VIGO
Teléfono: 986 81 46 00
Fax: 986 81 46 38

Número 49

Outubro/Novembro 2006

Publicación periódica
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

neste número...



O número 49 de Código Cero foi máis que nunca un parto desexado, por dicilo así. Aínda non saíra do prelo e xa andabamos pola redacción fumando cigarros sen parada (nós, que nunca antes fumáramos!) e dando voltas polos corredores sen pensar sequera en marchar para a casa e coas nosas familias de feito, tan fonda era a ilusión que nos facía o novo número, ó que pouco nos faltou para pórllle nome, mais estaba ben claro que neste punto non ía haber consenso, e deixámo-lo estar así. O motivo deste ambiente de axitación permanente non foi un único motivo, senón moitos e relacionados entre si, e –sobre todo– difíciles de detallar polo miúdo. Para facérmolos unha idea, abonda con dicir que cremos que nunca antes houbo

en Galiza un ambiente tan receptivo cara un uso máis espallado das novas tecnoloxías, e dende tódolos sectores, incluso dende aquel onde endexamais soñabamos con atopalo (isto último vén a conto porque o que escribe até atopou interese nos membros máis vellos da súa familia, algo nunca visto!). Ben, é certo que non se poden botar bombas de palenque de ledicia, porque aínda estamos na beira máis desfavorecida da fenda dixital, á cola de España e ocupando, en definitiva, os postos baixos dunha incontable listaxe de *rankings* tecnolóxicos, na Cuarta Rexional dos competidores na Sociedade da Información. Porén, malia todo, é doado deixar voar o maxín cando chegas un día ó posto de traballo e descubres iniciativas tan interesantes como Escoitar.org

(proxecto do que falamos polo miúdo nas páxinas 24 e 25 e que está a rexistrar a nosa identidade a través do son da nosa terra e as nosas xentes) ou que un dos grandes premiados nun dos certames de blogs máis prestixiosos no internacional desenvolve o seu labor bitacoreiro dende A Coruña e Betanzos (e deste asunto tamén falamos, e até incluímos unha pequena entrevista co gañador, na páxina 14). Porque, por atopar un sitio de verdade onde as mensaxes enviadas calen fondo e cheguen a todo tipo de destinatarios, até os cidadáns mobilizados en reivindicacións están a descubrir que a Rede vén a ser algo así como un estrado, unha tarima ou un altofalante (un arma contra a censura), e que ningunha mensaxe, por estraña que sexa nas súas peticións, fica sen

lector ou oínte. Un exemplo disto son as reivindicacións e as diversas actividades de solidariedade que se están a poñer en xogo na Internet coincidindo co Día Internacional contra a Violencia contra a Muller o vindeiro 25 de novembro (cuestión da que tamén falamos nas páxinas centrais e para a que a contamos incluso coa colaboración de Carme Adán, secretaria xeral de Igualdade, que achega a Código Cero e ós seus lectores un artigo que incluímos na páxina 4) ou as páxinas que xorden paseniño pero sen pausa en Galiza arredor dun problema que nos afecta de cheo e até no máis fondo: a perda do noso patrimonio arquitectónico, tema do que igualmente incluímos unha lembranza, na páxina 23.

sinatura convidada

Da violencia de xénero podemos saír, de Carme Adán, secretaria xeral de Igualdade **4**

novas

Resumo de actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **6**

reportaxes

Entrevista con Ánxela Bugallo, conselleira de Cultura **10**

A Consellería de Innovación pon en marcha un plan encamiñado a loitar contra a fenda dixital **11**

O encontro Enredad@s pon de manifesto novos xeitos de comunicación para os novos **12**

Os premios BoBs ós mellores blogs do ano de todo o mundo tiveron presenza galega **14**

Especial contra a violencia de xénero

• Vicepresidencia pon en marcha unha serie de iniciativas a prol da non violencia contra a muller **15**

• Entrevistamos a Anxo Quintana, que nos falou entre outras cuestións do que representa para el a Rede en materia de loita polos dereitos da muller **16 e 17**

• Repasamos algúns recursos web de interese sobre a loita contra a violencia de xénero **18**

A educación en Galiza atopa na Rede unha boa nova **19**

Realidades e mitos dun sistema operativo longamente agardado por uns e criticado a fondo por outros: Windows Vista **20**

Entrevistamos a Oriol Ferrán, participante no Congreso en liña do Observatorio para a Cibersociedade que vén de comezar **21**

Cultura libre: algúns recursos en Internet para compartir máis e gastar menos **22**

A Internet galega comeza a mobilizarse en contra das aberracións arquitectónicas e urbanísticas **23**

Escoitar.org: un proxecto galego que reivindica o valor do son como canle para o autoconecemento **24 e 25**

Cada día que pasa, Internet e o teléfono desencadean máis problemas de adicción entre os usuarios: damos conta dalgúns estudos novos sobre o tema **26 e 27**

Os nenos de hoxe en día xa non queren xogar ó piñón nin á billa: sen consola de vídeo xogos non van a ningures **28**

A linguaxe xa nunca será a mesma, logo das mensaxes nos móbiles **30**

nova economía

Os cadernos persoais tamén son negocio, e mellor do que se pensaba **29**

Carme Adán
Secretaría Xeral de Igualdade



Romper cos fios é posible: esa é a mensaxe do 25 de novembro (imaxe vista en www.flickr.com/photos/christinielsen/)

Muller de Ruanda, un dos países máis afectados do mundo pola lacra do maltrato (imaxe vista en www.flickr.com/photos/camera_rwanda/)

Da violencia de xénero podemos saír

Na IV Conferencia Mundial sobre a Muller, celebrada en 1995, reconécese que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz, que menoscaba ou impide o desfrute polas mulleres dos seus Dereitos Humanos e das liberdades fundamentais.

A violencia de xénero é consecuencia dunha construción cultural do masculino e o feminino baseada nun reparto asimétrico do poder sobre a que se establecen as relacións entre os sexos. De feito, a violencia e os malos tratos teñen formado parte da vida cotiá de moitas mulleres ao longo historia. Mais esta violencia estaba normalizada e naturalizada, co que non tiña recoñecemento como tal, simplemente era invisibilizada e ocultada.

A violencia de xénero é consecuencia dunha construción cultural do masculino e o feminino baseada nun reparto asimétrico do poder sobre a que se establecen as relacións entre os sexos.

Grazas aos movementos de mulleres esta comezou a ser percibida e a ter un impacto social hoxe innegábel.

Na actualidade dispoñemos de mecanismos legais e administrativos para a visibilización e tratamento da violencia de xénero. Mais aínda cómpre seguir a traballar para dotar a Galiza dun marco normativo propio nesta materia que permita a mellora do traballo na prevención e no tratamento da violencia de xénero. Un marco legislativo que recolle a necesidade de traballar claramente a prol da prevención, facendo da educación e a formación dous piares básicos dunha nova socialización.

Se o obxectivo final é acadar unha sociedade sen violencia de xénero debemos comezar o traballo desde o primeiro chanzo da educación ata os niveis superiores da formación, pero asemade debemos ser consciente da importancia que na actualidade teñen axentes socializadores como os medios de comunicación, que deben ser uns aliados na hora de remover estereotipos sexistas e pular por unha sociedade sen violencia.

Sen embargo, a socialización non remata coa etapa educativa, os seres humanos vivimos un proceso constante de socialización, de aí a importancia que cobra a sensibilización social sobre a violencia de xénero así como a formación dos profesionais que traballan directa ou indirectamente con mulleres que poden estar en situación de sufrila.

Por último, se o traballo en prevención é un traballo de futuro e se establece a mediano e longo prazo é necesaria unha resposta inmediata para as mulleres que están sufrindo violencia de xénero. En Galiza estase a establecer unha rede de información, acollemento e atención integral ás mulleres que sofren violencia de xénero que permite artellar medidas de recuperación psicolóxica, de apoio económico, de inserción laboral e de acceso a vivenda. Catro aspectos fundamentais a hora de conseguir unha recuperación integral das mulleres. Os catros demandados e empregados polas mulleres galegas, basta como exemplo os 230 salarios da liberdade concedidos pola Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar desde o mes de marzo ata este momento.

Estes son pasos que desde a administración damos para acompañar ás mulleres na súa saída das situacións de violencia, na súa procura da autonomía persoal. Porque como pretendemos transmitir este ano coa campaña institucional da Xunta de Galicia *Da violencia de xénero podemos saír* e o deixar facer ou o silencio tamén nos fai cómplices.



SEMANA DA CIENCIA'06

SC06



- Exposicións
- Mesas redondas e conferencias
- Cursos e obradoiros
- Portas abertas e visitas guiadas
- Itinerarios didácticos e excursións
- Cine e Teatro



As neuronas tamén xogan!



Actividades de neurociencia
"O mundo na túa cabeza"
do 2 de novembro ao 31 de decembro.
www.semanadaciencia.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación



FECYT
FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA LA CIENCIA Y LA TECNOLOGÍA



O CCG desenvolve un servizo para achegar a cultura galega ós nosos móbiles



Se non podes ir á cultura galega, a cultura galega sae ó teu encontro. Este é (por así dicilo) o alicerce do novo servizo que está a desenvolver o CCG e que trata de tirarlle proveito ás vantaxes das novas tecnoloxías da información, neste caso dos móbiles.

Desta maneira, os usuarios da web culturagalega.org e os interesados en xeral no que pode dar de si informativamente falando a nosa terra teñen unha boa oportunidade de estar de xeito permanente actualizados a través do móbil, podendo consultar o arquivo de novas (8578) do CCG, acceder ó catálogo de libros, banda deseñada e producións audiovisuais ou mesmo ve-los vídeos de culturagalegaTV logo de descargalos e (apunta o CCG) con boa calidade.

Este esforzo por achegarnos a posibilidade de levar algo máis no móbil que SMSs de publicidade das operadoras e chamadas non desexadas forma parte dun paquete amplo de servizos tecnolóxicos cos que o CCG defende o uso destas ferramentas como canles idóneas para a difusión do noso, de aí que por exemplo os seus contidos web estean en constante crecemento. Malia todo, cómpre subliñar que o dito servizo de información do CCG nos móbiles está aínda en proceso de desenvolvemento, e que calquera suxestión dos internautas galegos (supoñemos que sempre e cando sexa construtiva) será ben recibida, e estas poderanse facer a través do teléfono 981 957 219 ou o seguinte enderezo de correo electrónico: redaccion@culturagalega.org <http://www.culturagalega.org/mobil.php>

Semana da Ciencia: programa para finais de novembro e decembro

Continúa adiante a “semana” máis longa do ano, a da ciencia, coordinada pola Consellería de Innovación e que este ano xira en parte arredor dos achados relacionados co cerebro. Nesta celebración –que se organiza a nivel europeo- están a participar até 19 entidades galegas, entre museos, universidades, centros de investigación e tecnolóxicos, asociacións e fundacións. Gran parte das actividades están deseñadas para captar un público novo, xa que deles e das súas vocacións depende –a fin de contas- o futuro da ciencia en Galiza e mesmo o desenvolvemento desta.

Cómpre sinalar que a Dirección Xeral de I+D está a contar co apoio da Fundación Española e a Tecnoloxía (FECYT) do Ministerio de Educación e Ciencia. O programa de actividades desenvólvese en toda Galiza nos meses de novembro e decembro, contando Innovación cun orzamento de 737.454 euros. Respecto ós temas que se están a tratar, son ben variados: astronomía, arqueoloxía, física, química, comunicación, medicina, dereito, matemáticas, etc. Unha das actividades que quixo salientar a Dirección Xeral de I+D, pola súa ambición e os seus intereses, é *O mundo na túa cabeza*, que organiza o Museo de Historia Natural Luís Iglesias por encargo da consellería. Esta parte do programa, que como o seu propio nome indica xira arredor do cerebro e o sistema nervioso (o tema principal desta edición da Semana da Ciencia, xa que se conmemora o centenario da concesión do Premio Nobel ó neurocientífico Santiago Ramón y Cajal), desenvolverase en nove vilas galegas e en clave de exposicións, relatorios, cafés científicos, teatro e obradoiros variados.

• *A través das enerxías.*

Do 3 de novembro ao 30 de novembro De 09:00 a 18:00
Aulas A/B. Tecnópole (Parque Tecnolóxico de Galicia),
32900 San Cibrao das Viñas.

Esta exposición será un espazo didáctico e participativo onde os visitantes observarán todos os aspectos relacionados coa enerxía.

• *O mundo na túa cabeza: ¿Estás seguro do que ves?*

Do 11 de decembro ao 31 de decembro De 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00
Edificio Multiusos. Avda. E. Casas Baamonde s/n,
27000 Monforte (Lugo)

Percorrido polo cerebro: dende o ollo até a creación de imaxes na corteza, con experiencias interactivas, ilusións ópticas, visión nocturna e animacións en 3D. Para estudantes de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, público xeral

• *O mundo na túa cabeza: ¿Que sabemos e como nolo contaron?*

Do 5 de decembro ao 31 de decembro De 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00
Pazo de Mugartegui. Praza da Pedreira, 36002 Pontevedra (Pontevedra)
Unha viaxe dende as percepcións sensoriais até o procesamento de información no cerebro, vista dende unha perspectiva histórica. Achegaraste ás pezas históricas que nos axudaron a comprender como funciona a túa cabeza. Para estudantes de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, público xeral.

• *O mundo na túa cabeza: A máquina de crear realidades*

Do 11 de decembro ao 31 de decembro De 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00
Centro Comarcal de Valdeorras. Rúa A Veiguiña, 5, 32000 O Barco de Valdeorras (Ourense)
Sucesión de experiencias sobre a investigación e o funcionamento do cerebro humano. Poderás observar neuronas ao microscopio, percibir ultrasóns ou probar a túa destreza fronte a un ordenador.

• *Obradoiro: O mundo na túa cabeza*

16 de decembro De 10:00 a 14:00
Centro Comarcal. R/ A Veiguiña, 5, 32000 O Barco de Valdeorras (Ourense)
Obradoiro dirixido a rapaces de 8 a 10 anos, onde poderán experimentar de forma divertida e interactiva distintas cuestións arredor do funcionamento do cerebro e do sistema nervioso: que é un reflexo, onde está localizado o cortex cerebral da visión e do oído, compararán os cerebros de distintos animais, etc. Para público infantil. Responsable: Isabel Fraga, directora, Museo de Historia Natural Luís Iglesias.
www.semanadaciencia.org
www.diverciencia.org

Trebe-lab organiza este sábado 25 un obradoiro de balde sobre instalación e usos do software libre

A Asociación Cultural Caleidoskopio (*trebe-lab*) está a organizar estes días unha serie de actividades relacionadas de balde e relacionadas coa informática no local do colectivo Cova dos Ratos no número 3 da rúa Romil de Vigo. Trátase de actividades formativas de carácter práctico a tódolos niveis (para estudantes e tamén para profesionais de calquera titulación ou sector) e que se centran sobre todo na achega de coñecementos sobre software libre.

O primeiro dos obradoiros celébrase este sábado 25 ás 11.00 horas, e xirará arredor da *Instalación de GNU/Linux* (chaves para facer unha instalación básica do sistema operativo libre e posteriores procesos de actualización e configuración). Ademais, farase fincapé nas vantaxes deste sistema para “tódolos usos”, sendo un exemplo disto o *copyleft*, un xeito libre de asumir a cultura e mesmo o propio desenvolvemento tecnolóxico que “*non vai rifado coa calidade e que mantén viva unha filosofía de traballo en común*”, sinala a organización. Para máis adiante (ficamos á espera das datas), *trebe-lab* ten proxectado desenvolver máis obradoiros sobre os usos básicos de Internet ou o deseño gráfico e a ofimática con software libre. Ligazón:www.alg-a.org

O Clúster Audiovisual Galego avaliará en Lugo, Santiago e Pontevedra as vantaxes do dixital no sector

O Foro Multiplataforma: a converxencia das producións dixitais vai manter especialmente activa até fin de ano en Galiza a reflexión arredor dun tema que toca de preto a tódalas persoas que traballan hoxe en día nos eidos audiovisual e/ou tecnolóxico: a revolución dixital.

Esta cuestión, cinguida ás posibilidades de negocio que vai traer consigo, é o eixo do devandito Foro, que está organizado o Clúster Audiovisual Galego coa colaboración da Consellería de Innovación e Caixa Galicia.

Os encontros estanse a desenvolver en catro eidos de debate e no mesmo número de cidades galegas: Ourense a partir do 9 de novembro, Lugo o 20 de novembro, Santiago o 4 de decembro e Pontevedra o 11 de decembro. O obxectivo do Foro é –como dixemos- o seguinte: contribuír a dar resposta ó desafío que as novas tecnoloxías constitúen para a industria audiovisual galega, achegando máis oportunidades de difusión e menores custos de produción e distribución.

A primeira sesión tivo lugar xa en Ourense, cunha xornada monográfica chamada *Clusternet: contidos audiovisuais para a Rede*.

A seguinte actividade vaise celebrar en Lugo, o día 20, cunha sesión sobre *Clustervision TDT: contidos para a TDT*, na que se reunirán directivos de cadeas de contidos dixitais que operan en España (como Telecinco, Veo TV ou Net Tv) e de televisións e proxectos galegos. O obxectivo desta xuntanza é avaliar o “*forte impacto que está a ter o desenvolvemento da TDT na produción de contidos*”.

A reunión de Santiago celebrarase o 4 de decembro, e titúlase *ClusterTel: Servizos para móbiles*. Terá carácter monográfico e servirá para diagnosticar as tendencias no sector das telecomunicacións para o desenvolvemento de novos servizos ofrecidos a través do teléfono móbil.

A xuntanza de Pontevedra (que se desenvolve o 11 de decembro) tratará a cuestión *Clusterplay: lecer interactivo* e estará dedicada a explorar as vantaxes das novas tecnoloxías aplicadas ó emprego do tempo libre. Está prevista a participación de directivos de EGANET ou da Asociación Española de Distribuidores e Editores de Software de Entretemento (ADESE).

Ligazón: www.clusteraudiovisualgalego.com.



**Chega o outono
á nova web de
Código Cero**

En marcha o foro sobre Comunicación e Discapacidade na web do Observatorio dos Medios

O Observatorio dos Medios quere amosar a súa preocupación sobre o acceso das persoas con discapacidades á información actual, e que outras organizacións, administracións, empresas e até cidadáns de a pe amosen tamén o seu punto de vista sobre a situación. Ademais, o Observatorio estase a poñer mans á obra para atopar solucións, tender pontes de accesibilidade e crebar na medida do posible estereotipos.

Estes son algúns dos grandes obxectivos do segundo foro internacional do Observatorio dos Medios, que comezou o luns 6 de novembro, tendo o punto de partida na súa páxina web.

O tema principal a tratar nesta xuntanza será –como dixemos– o seguinte: *Comunicación e discapacidades*. O foro está dividido en dúas partes: unha virtual que comeza na web do Observatorio este luns 6 e dura até o 16 de decembro; e unha xornada presencial, o 16 de decembro na Coruña, “coa posibilidade de participar en calquera das dúas de xeito gratuíto”. Ligazón: www.observatoriodosmedios.org

O Centro On amosará as curtas premiadas en Mundos Dixitais 06

O Centro On de Caixa Galicia sito no Cantón Pequeno nº 9 de A Coruña exhibirá as curtametraxes gañadoras do Festival Internacional de Curtametraxes de Animación Mundos Dixitais 06, incluíndo as pezas: Caballos de tiza (de Daniel Cánovas, elixida coma mellor curta estatal), 458NM (mellor curta internacional) e 90º (premio especial do xurado).

As curtametraxes exhibiranse ininterrompidamente nas pantallas de plasma da Sala Imaxinate do 21 ó 24 de novembro de 9 da mañá a 8 da tarde, podéndose ver tamén as obras ás 19:00 horas no Auditorio do centro.

Un equipo de investigación prepara unha web que inclúa tódolos nomes galegos de lugar

Galicia Hoxe informou os días pasados dunha proposta a medio camiño entre o tecnolóxico e o xeográfico e que podería contribuír –por unha banda– a coñecermos mellor a nós mesmos e, pola outra, a poñer orde de xeito definitivo no (en ocasións turbio) panorama dos nomes galegos lexítimos de lugar. Trátase do Proxecto Toponimia de Galicia, dirixido polo secretario da Comisión de Toponimia da Xunta, Xermán García.

Esta iniciativa, que foi dada a coñecer durante a segunda edición do Congreso Internacional de Onomástica Galega, permitirá acceder na pantalla do computador a un mapa que incluírá nunha serie de menús por concellos tódolos nomes de lugares de Galiza, dende o máis miúdo e en perigo de desaparecer (leiras, ríos, montes) até o máis xenérico. Para acceder a estes servizos, que terán a súa parte visible nunha web co mapa da nosa terra, haberá que agardar uns meses, posto que o proxecto aínda está en fase de licitación. Un dos puntos que de verdade lle vai achegar interese a esta iniciativa, amais dos xa comentados, vai ser a posibilidade de facer un “clic” sobre cada topónimo co fin de achar datos sobre as súas orixes, se é unha formación natural ou froito do home ou se hai outros semellantes en Galiza.

Mesmo se detallará con ese simple acto de premer como é a versión escrita normalizada e como é a expresión fonética. Traballando arreo neste proxecto hai un equipo integrado por investigadores de diferentes eidos, moitos deles (como é de imaxinar) estreitamente cinguidos ó traballo ó aire libre, á procura de documentación casa por casa. Fonte: www.galicia-hoxe.com.

Aberto o prazo de presentación de curtas á quinta convocatoria de Notodofilmfest.com

Se hai un evento relacionado directa e integramente con Internet que sentara unha boa parte dos alicerces do que hoxe se podería chamar “a febre de vídeos pola Rede” é o festival Notodofilmfest.com, un certame que fala abondo de si mesmo a través do seu propio nome (toda unha vida e un tratado ideolóxico en catro sílabas e un “.com”), que tamén constitúe un enderezo web. A quinta edición do festival, que abriu xa as portas do prazo para a presentación de curtametraxes (ficará aberto até o 10 de xaneiro de 2007), incorpora algunhas novidades.



Por exemplo: a presenza do director e guionista Santiago Taberner substituíndo a Javier Fesser no posto de mandos do certame. Mais non quedan aí as diferenzas con convocatorias anteriores, xa que se inclúen agora tres novas categorías: Película Documental, Película de Ficción e Película de Animación (mentres prosegue operativo o premio á mellor Película de Tripla Destilación). Polo que respecta ós premios, que inclúen bolsas de estudos na New York Film Academy, cómpre sinalar que se van repartir 35.000 euros. As películas, como de costume, non poderán superar os 3 minutos e medio de duración nin tampouco os 5Mb de peso; sendo de 30 segundos exactos a duración das curtas presentadas á categoría de Tripla Destilación.

Ligazón: www.notodofilmfest.com

A EGAP estrea nova web, máis “funcional e atrativa”

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) conta dende o día 8 de novembro cun novo portal web cualificado polo propio centro como “máis funcional e sinxelo” e que vai encamiñado ademais a responder ás dúbidas de calquera usuario do xeito máis doado e rápido có anterior.

Dende egap.xunta.es, a EGAP incorpora novas funcionalidades como a presentación telemática das solicitudes de recursos da Escola, a apertura de foros temáticos de debate ou un ben engraxado motor de busca dos recursos asociados ós cursos que xestiona a institución. Polo de agora, na web preséntanse as últimas novidades relacionadas coa actividade do centro de formación, os distintos eventos que organiza e a xestión das actividades educativas e seminarios, así como os premios e bolsas que convoca, mais está previsto que nos vindeiros meses se activen novos servizos como tutoriais de formación para os empregados públicos ou mesmo transmisións en directo dos eventos que se celebren no salón de actos da EGAP.

Ludus Party.net: xuntanza de internautas en Lugo

De tódalas provincias galegas, se cadra era Lugo a que menos “cobertura” tiña no que se refire a xuntanzas especialmente deseñadas para mozos e mozas en liña. Cubrir ese baleiro é probablemente un dos grandes obxectivos de Ludus Party.net, un encontro tecnolóxico que vai poñer a 500 internautas novos procedentes de todo o Estado baixo un mesmo teito e con acceso total ás redes de alta velocidade durante 50 horas ininterrompidas. Ludus Party.net, que está organizada polo Concello de Lugo, celebrarase entre o 1 e o 3 de decembro no recinto de Feiras e Exposicións da cidade.



A iniciativa forma parte do proxecto Lugo Dixital, e complementarase con actividades de formación e lecer para o público en xeral (haberá pistas de xeo, mostras de robots, cursos e obradoiros de internet, etc): contará polo tanto con dúas partes ben diferenciadas, unha para os internautas previamente inscritos e outra para toda a cidadanía (na *extranet*). Ludus Party.net contará para esta edición con 100.000 euros de orzamento e co apoio de até dez empresas colaboradoras. O custo da inscrición é de 15 euros, e esta poderá formalizarse de xeito sinxelo na propia web da xuntanza. Ligazón: www.ludusparty.net.

Nvivo: xorde unha rede social como un gran taboleiro onde se quere informar de TODOS os concertos

Os internautas afeccionados á música, igual que polo emprego da Rede, estamos unidos por unha arela: poder chegar a terras e salvos logo das navegacións feitas cada fin de semana na procura dos concertos máis apetecibles.



Digámolo ben claro: son tantas as mensaxes que temos que atender nas contas de correo e as páxinas web que informan de concertos como miúdos anacos dun gran crebacabezas (tan amplo que é en si mesmo un crebacabezas), que en ocasións se pode chegar a pensar que Internet dificulta as cousas no canto de aclaralas. Un proxecto que tratase de poñer orde nas nosas cabezas sería de agradecer, e pode que nvivo vaia nesa liña de converterse no gran taboleiro onde está todo o que é e é todo o que está en materia de concertos no Estado español.

Trátase de algo semellante a Chuza! ou Menéame, por tratarse dunha rede social onde os usuarios engaden a información que posúen ata a consecución dun “todo”. Asemade, tamén é posible votar polos concertos máis acordes cos nosos gustos, facer seguimentos máis ou menos fiables dos artistas que mellor nos entran polo ollo e recibir novas e alertas sobre o que fan e deixan de facer, achegar opinións e crónicas sobre os concertos, os músicos e as salas e, a maiores, coñecer a xente coa que compartir o prezo da viaxe cara á vila ou cidade onde se celebre o concerto en cuestión. Ambición non lle falta a esta rede nvivo, mais o éxito (unha vez máis) depende ou non de que se empregue moito e ben. Visto en www.chuza.org Web: www.nvivo.es

Tarifas móbiles e acceso a Internet máis baratos no Nadal

O Nadal xa está ás portas. O alumeado típico destas festas comeza (xa!) a acenderse nas rúas, e nos escaparates das tendas os doces típicos adquiren un inevitable protagonismo. Comeza a ser tempo de pensar nos agasallos que faremos e nos que queremos que nos fagan para ir apurando as compras e non chegar á Noite de Reis cos deberes sen facer.

Si se cumpren as previsións do presidente da Comisión de Mercado de Telecomunicacións, Reinaldo Rodríguez, é probable que para este ano 2007 que dará comezo en breve as tarifas móbiles e de acceso a Internet sexan máis baratas, co que podemos ter un pouco máis claro o que se pode agasallar sen rañar o peto tanto coma noutros anos. Rodríguez non se atreveu a dar unha cifra concreta pero asegurou que a baixa dos prezos comezarase a notar durante o Nadal e, con toda seguridade, ó longo do ano que vén.

O máximo reitor da CMT insistiu en que a diferenza de tarifas da banda ampla en España respecto á media europea é “elevada abonda” e a este respecto asegurou que a CMT xa está a traballar no deseño de distintos cambios no mercado ó por maior que impulsen unha rebaixa de prezos. Tamén sinalou que, por primeira vez, regularanse e orientaranse os custos da liña ADSL IP, o que supón unha garantía de subministro e unha redución de tarifas.

O CMG organiza *A blogosfera*, un curso sobre blogs

Os weblogs, esas “conversas” na Rede que están a revolucionar ós medios, ás empresas e ós cidadáns, tocan cada día máis temas diferentes: actualidade, política, cultura, deportes, literatura ou tecnoloxía. Calquera cuestión é válida para opinar e informar. Un blogueiro perante o seu ordenador é como un rapaz de primaria ó que lle suxiren unha redacción de tema libre: nunca se sabe por onde vai deixar voar a imaxinación.

Tal e como calquera pode opinar, calquera pode ter o seu propio blog, por iso, co obxectivo de achegar o mundo dos blogs a través das experiencias dos máis salientables blogueiros galegos, o Centro Multimedia de Galicia (CMG), impartirá do 27 ó 30 de novembro e do 11 ó 14 de decembro o curso *A Blogosfera*, unhas xornadas que darán a coñecer, entre outros temas, o uso de diferentes aplicacións dos blogs, o perfil do blogueiro galego ou os blogs con temática fotográfica e de vídeo.

O curso, que se desenvolverá a través da rede de aulas multimedia do CMG, ten unha duración de 16 horas, divididas en catro xornadas de diferente temática:

Xornada 1: *A Blogosfera: primeiros pasos.*

Xornada 2: *Reflexionando sobre blogs.*

Xornada 3: *Blogs para mirar.*

Xornada 4: *Blogs para escoitar.*

Cada tema será abordado por dintintos profesionais, destacadas figuras do mundo dos blogs en Galicia e expertos en deseño e libre difusión de contidos. Ligazón: www.cmg.xunta.es

Varias aeroliñas facilitan o uso dos iPod nos seus voos

As medidas de seguridade nos avións poden ser consideradas excesivas en moitos casos, como cando estenden as restricións de uso de móbiles a calquera dispositivo electrónico, coma os reprodutores de MP3, polo que Apple negociou con 6 das principais liñas aéreas que operan nos EE.UU. (Air France, Continental Airlines, Delta Air Lines, Emirates, LKM e United Airlines) para que permitisen o uso dos seus iPod e incluso comecen a ofrecer conexións nos seus asentos de pasaxeiros para que os usuarios poidan cargar os seus iPod durante o voo.

Deste xeito, as viaxes en avión se fan máis amenas, xa que se pode tanto escoitar música coma ver vídeos durante os voos.

Fonte: <http://iblnews.com/story.php?id=19786>

Orgasmos masivos a prol da paz mundial



Xa pasaron tres anos dende a caída de Iraq, mais a guerra que mantén viva EE UU no Golfo Pérsico, lonxe de rematar, semella ir a peor. As manifestacións, folgas e mobilizacións masivas a prol da paz mundial non semellan ter o efecto desexado nas cabezas ocas dos políticos que moven os fíos da violencia, co que os responsables de Global Orgasm puxéronse mans á obra na procura de novas vías de actuación tirando rendemento dos seus coñecementos no Proxecto Conciencia Global.

Deste xeito, decidiron que para loitar contra a enerxía nuclear non podería haber nada mellor cá enerxía humana. Os responsables desta iniciativa, que vai dirixida a convocar voluntarios a través da súa páxina web, viron probable que poñendo de acordo a unha vaga de individuos para que teñan un orgasmo de xeito simultáneo conseguirán canalizar toda a enerxía resultante en defensa da paz mundial.

A intención é que os participantes concentren na paz tódolos seus pensamentos de antes e despois do orgasmo (loxicamente nesta volta non contan os finxidos) para proxectar as forzas nun obxectivo común. O resultado da combinación da enerxía orgásmica coa intención consciente dos participantes é un (posible) cambio no campo da enerxía da Terra cun efecto moito maior cás meditacións e as oracións masivas.

No dito caderno persoal, escrito en inglés pola parella que iniciou o proxecto, convocan a tódolos voluntarios para o vindeiro venres 22 de decembro (á hora e no lugar no que cadaquén queira), aínda que non é preciso agardar até ese día para manter relacións e tratar de canalizar a enerxía resultante en boas causas como rematar coa fame no mundo ou coa violencia de xénero.

Tamén é certo que en España ese día celebramos o sorteo de lotería máis importante do ano, co que é posible que moitos participantes canalicen os seus pensamentos cara outro obxectivo máis ben económico.

Máis información no blog www.globalorgasm.org.

Profesionais do eido TIC asinan en Santiago un manifesto para fortalecer a Galiza no mundo a través da Sociedade da Información

C ó m p r e deixar atrás os prexuízos e a vergoña e crer de verdade nas nosas posibilidades, que son moitas. Esta é unha das conclusións que se poden tirar do acto de sinatura do Manifesto a



prol do desenvolvemento da Sociedade da Información asinado hai uns días na Casa de Europa da Universidade de Santiago. Esta iniciativa, que como seu propio nome indica vai encamiñada a aperta-los nós da Sociedade do Coñecemento na nosa terra, está a ser promovida pola USC, o Foro e-Gallaecia e unha serie de profesionais galegos relacionados coas novas tecnoloxías da información. Os asinantes, entre os que se atopan Senén Barro (reitor da USC) e Marcelo Castelo (presidente do dito Foro), fixeron fincapé no moito que están a reordenar as redes da información as tradicionais disposicións de privilexios xeográficos, permitindo que abrollen economías puxantes dende calquera parte do planeta. Polo tanto (sinalan), resulta imprescindible para Galiza aproveitar esta oportunidade que brinda a Sociedade da Información para partir por vez primeira dunha posición de franca vantaxe no obxectivo ambicioso, pero realizable, de situarse en lugares de vangarda económica. Estas son algunhas das reclamacións concretas dos asinantes (collémolas dunha ampla listaxe de propostas):

- A creación dun Observatorio da Sociedade da Información na nosa terra, en liña coas Comunidades Autónomas e as rexións europeas.
- Pacto entre tódalas forzas políticas representadas no Parlamento galego.
- Máxima implicación do Goberno galego para “*converter á Sociedade da Información nun obxectivo prioritario para Galicia*”.
- Chegar ó 7% do investimento na Sociedade da Información en relación co Produto Interior Bruto galego en 2010, “*realizándose para iso, e xa dende 2007, un orzamento crecente e nunca inferior á media dos investimentos públicos destinados polo resto das comunidades autónomas*”.
- Incrementar de xeito considerable as achegas en formación tecnolóxica en tódolos niveis educativos, “*e tamén na formación permanente dos traballadores como elemento crucial para un meirande e máis sostible desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia*”.

A Mesa pola Normalización Lingüística insta á Xunta a galeguizar a telefonía móbil

A Mesa pola Normalización Lingüística insta á Xunta de Galicia a negociar coas operadoras de telefonía móbil para que ofrezan con normalidade a opción do galego en tódolos seus servizos e que non exclúan este idioma na súa publicidade en Galicia. Dende a Mesa destacan que o galego é “a lingua do Estado máis atrasada na telefonía móbil” e responsabilizan á Xunta disto, pois a Administración galega “*debe utilizar a importantísima capacidade negociadora que lle dá a súa facturación millonaria en telefonía móbil*”. Carlos Callón, presidente da Mesa, tamén engade que deben “*garantir que toda persoa que queira ter os servizos telefónicos con normalidade poida ter tal opción*”. Entre outras cousas, Callón denuncia que “*dende os móbiles da Xunta non se poden realizar xestións con Movistar en galego*”, situación que considerou “*aberrante*”, polo que marcaron o mes de marzo como data para que a Xunta galeguice a telefonía móbil e, de non facelo, sería a propia Mesa pola Normalización Lingüística a que tomaría medidas para remediar o asunto (agrupando a usuarios das operadoras de telefonía que queiran recibir atención en galego, e ameazando con trasladalos ás compañías que se galeguicen).

A Mesa tamén reclama a pouca dispoñibilidade de terminais telefónicos en galego, e indicaron o caso duns novos terminais de Nokia con MP3 incorporado que terán opción de castelán catalán e vasco, mais non de galego, no que denuncian que se trata dun acto de pasividade do departamento de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta. Ligazón: www.amesanl.org/noticias/.

Tecnocom integra o Centro de Control de Tráfico do Cebreiro



Tecnocom, a empresa española que incorporou no seu equipo ás galegas Softgal e Softgal Gestión, é a responsable da integración dunha infraestrutura de control de tráfico na autovía A-6 ó seu paso en Pedrafita do Cebreiro, na provincia de Lugo.

O proxecto, que foi adjudicado por Telvent e SICE por un custo de 129.000 euros, está encamiñado a facilitar a achega de información sobre o estado de tráfico no devandito viero, co fin de acurtar na medida do posible o tempo de resposta dos efectivos de control e axuda da circulación perante calquera accidente. O Centro de Control de Tráfico de Pedrafita opera recibindo imaxes dunha ampla rede de cámaras de vídeo situadas nos treitos onde hai meirandes dificultades orográficas e meteorolóxicas.

O proxecto, para o que se empregou a tecnoloxía da empresa belga Barco (tecnoloxía punteira na integración de dispositivos de control), permite polo tanto levar a cabo un control exhaustivo non só do tráfico e dos accidentes, senón tamén dos desperfectos da vía ou mesmo do tempo (emprestando especial atención ó xeo, dada a disposición da autoestrada en zonas pretas á alta montaña).

Dende o punto de vista técnico, a infraestrutura inclúe tres elementos: pantalla de visualización, controlador gráfico e software de xestión. Segundo apunta Tecnocom, a tecnoloxía empregada achega “*notables vantaxes para os técnicos do centro, como son a alta resolución de pantalla, o acceso a través de control remoto do sistema e o uso no futuro, se fose preciso, de máis cámaras*”. Cómpre sinalar que a empresa tamén foi seleccionada polo operador galego R como integrador do mural de retroproxección da sala de operacións e mantemento do Centro de Control da Grela, na Coruña. Ligazón: www.tecnocom.es

“Internet non é unha ameaza, senón todo o contrario”

Falamos con **Ánxela Bugallo**
(conselleira de Cultura) dos

proxectos do seu departamento
para preservar e poñer en valor o

patrimonio galego a través da Rede

En definitiva: a Ánxela Bugallo, conselleira de Cultura, gústalle Internet. Emprega a Rede a cotío como ferramenta de traballo para documentarse e considera que, lonxe de constituír unha ameaza, permite validar a nosa lingua como algo “vivo e vizoso”. En Código tivemos oportunidade de sometela a unha enquisa que (que lle imos facer!) non parou de dar voltas arredor do mesmo tema: a Rede, con tódolos seus “derivados” e “consecuencias”. Moitas cuestións, por razóns de espazo e tempo, ficaron para sempre no cartafol de borradores, como por exemplo a fenda dixital ou as redes de intercambio de ficheiros (eMule, Soulseek).

Mais outras como o blogomillo ou a presenza da Rede na Cidade da Cultura (onde será un material de construción máis) tiveron desenvolvemento. Ademais,

Bugallo adiantounos datos sobre un dos grandes proxectos web da Consellería: prazadasletras.org, web encamiñada a conseguir que por fin tódolos galegos esteamos orgullosos do noso patrimonio literario.

REDACCIÓN

-Un dos grandes obxectivos da Consellería que vostede dirixe é espallar a cultura galega dentro e fóra de Galiza. Pódese conseguir isto sen a concorrencia da Rede? Dito doutro xeito: poderá perdurar a nosa cultura e a nosa lingua aínda que lle deamos as costas

á Sociedade da Información?

-Precisamente un dos nosos obxectivos a medio prazo é a creación dun portal da cultura galega en varios idiomas dirixida a un público non galego. A idea é que esta web sexa a punta de lanza da nosa política de proxección exterior.

-Ten futuro o galego en Internet?

-Non hai dúbida de que ningunha cultura sobrevive se non é quen de se adaptar ás novas circunstancias que a rodean. Sen embargo eu non creo que Internet sexa unha ameaza, senón todo o contrario. Creo que é unha auténtica oportunidade para validar o galego como unha lingua viva e vizosa: se ti estás a estudar no estranxeiro é Internet quen che permite seguir en contacto coa túa lingua e coa túa cultura.

-É vostede internauta? E, se o é, para que o emprega, se non é indiscreción?

-Son internauta, si. Emprego a Rede fundamentalmente como ferramenta de traballo para documentarme e buscar datos.

-E seguimos coa nosa teima tecnolóxica: cales son as aspiracións que a Consellería de Cultura ten depositadas na súa web e, por extensión, en tódolos seus proxectos na Web (referímonos por exemplo ós espazos virtuais dos distintos departamentos)?

-Para nós a Rede é unha ferramenta esencial de comunicación e creo que o estamos a demostrar tanto coa web da Consellería como coa de DeporteGalego.eu, a nova páxina do IGAEM ou a da Axencia Audiovisual Galega, organismo que vén de nacer co seu espazo en liña debaixo do brazo. E todas estas webs teñen un denominador común: son parte indisoluble das nosas políticas e do noso xeito de comunicar e de establecer relación coa cidadanía. Por unha banda, calquera persoa pode estar ó tanto dos programas que estamos a levar a cabo, tanto a curto como a medio prazo, pero tamén poderá saber que axudas hai, como conseguir unha bolsa ou apuntarse a un congreso. Tamén desde hai uns

meses estamos a publicar tódolos os libros da Consellaría en formato PDF. Por outra banda, temos unha sección especial para os xornalistas, na que poden atopar, ademais das noticias que producimos, todo tipo de imaxes e información complementaria para que poidan ter máis elementos de xuízo á hora de facer o seu traballo.

“Un dos nosos obxectivos a medio prazo é a creación dun portal da cultura galega en varios idiomas dirixida a un público non galego.”

-Que opinión lle merece a vostede isto do blogomillo, que, como saberá, é un fenómeno social e cultural que está a ser cuestionado agora en diversos medios e mesmo no propia blogosfera porque se considera dende estes medios que é endogámico de máis, pechado e moi dependente de catro ou cinco bitácoras senlleiras que son as que marcan o paso?

-Eu creo que a estas alturas o *blogomillo* non é nin endogámico nin pechado e reflicte bastante ben a pluralidade de ideas e opinións que ten a sociedade galega no seu conxunto. A min paréceme un fenómeno interesante que ten relación co que dicíamos antes, que a comunicación ten máis posibilidades grazas a internet, porque a audiencia non é pasiva como a dos medios tradicionais, senón que na rede todos somos emisores e receptores á vez e hai unha maior variedade de fontes.

-Como saberá, hai moitas páxinas web feitas dende Galiza que non ofrecen versión en galego, e falamos incluso de espazos desenvolvidos dende concellos onde, polo menos teoricamente, se lle tería que empregar máis atención a estes temas. Que lle diría a unha empresa ou institución da nosa terra que queira achegar servizos en liña e prefira optar polo castelán e o inglés antes ca polo galego?

-En canto ás institucións, diríalles que han de respectar a legalidade vixente que as obriga a facer as súas comunicacións públicas en galego. No que a empresas se refire, tanto o Goberno como a sociedade galega no seu conxunto, ten que demostrarlles que comunicar en galego non só é rendible senón que é un *plus* para achegárense aos seus clientes.

“Hai que compatibilizar o dereito de propiedade intelectual co dereito ao acceso universal á cultura”

-Coa man no corazón, que opinión lle merece o movemento da cultura libre que defende o uso de Internet como canle

aberta de intercambio de fotografías, cancións, libros ou programas informáticos? Non lle parece que todos debemos ter acceso á cultura e que o acceso a esta, en ocasións, semella máis un luxo para ricos ca un dereito universal?

-Nestes momentos hai unha lexislación que protexe os dereitos de autor para aqueles que así o desexen, así que non temos máis remedio que acatalo, pero cremos que hai que compatibilizar o dereito de propiedade intelectual co dereito ao acceso universal á cultura. Por iso, estamos a prol dos códigos abertos no software e das licenzas Creative Commons e do *copyleft* para os contidos. É máis, todas as nosas webs están realizadas con software libre e teñen RSS.

-Imaxinamos que na cuestión do espallamento da cultura a través de Internet e noutras cuestións semellantes terá que estar vostede en conexión directa con outras consellerías, como por exemplo a de Innovación, non é así? En que senso?

-Estamos a traballar en moitas direccións. Precisamente agora vimos de colaborar con esta Consellaría na elaboración do Plan da Sociedade da Información que se vén de presentar.

-Ten a Consellería algún proxecto do que vostede nos poida falar que cumpra cos seguintes requisitos: que sexa normalizador do uso do galego, do coñecemento da nosa cultura e do emprego das novas tecnoloxías da información?

-Por exemplo o proxecto Praza das Letras, que vai ser unha web moi ambiciosa dedicada ao mundo do libro galego e da lectura. Xa publicamos un adianto en formato revista, que pode baixarse desde aquí: <http://www.prazasdasletras.org/>, pero en 2007 converterase no lugar de referencia do sector, con noticias de actualidade, información útil e análises.

-Imos agora coa Cidade da Cultura. Pódenos informar de se está previsto ou non algún espazo ou servizo onde se toque de preto a cuestión da Sociedade do Coñecemento?

-A Sociedade do Coñecemento está presente en todo o proxecto da Cidade da Cultura. En breve presentaremos o proxecto definitivo para o Monte Gaiás, pero a Sociedade do Coñecemento é unha liña transversal que pasa por todas as funcionalidades do complexo, desde a Biblioteca Nacional ata o Arquivo, o obxectivo é a universalización da cultura e do coñecemento.



A conselleira sinalou que a Cidade da Cultura non se poderá concibir sen a concorrencia das novas tecnoloxías

A Consellería de Innovación presentou hai uns días o primeiro Plano Estratéxico Galego para a Sociedade da Información (PEGSI), que vai encamiñado a poñer en marcha iniciativas técnicas e culturais para situar a Galiza entre os países máis desenvolvidos no emprego a tódolos niveis das novas tecnoloxías (ademais de darlle un novo pulo a algunha das xa existentes). Este Plano Estratéxico Galego 2007-2010, que contará cun investimento público superior ós 800 millóns de euros (do que a Xunta se compromete a asumir máis de 600 millóns), abrangue e inclúe até 100 iniciativas de dinamización dixital en tódolos eidos de actuación. Máis polo miúdo e segundo explicou o conselleiro Fernando Blanco, “o Plano asume a responsabilidade de actuar pola vía da implicación xeral das novas tecnoloxías nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos para contribuír ao desenvolvemento sustentable do país, compatibilizando o crecemento económico coa creación de emprego de calidade, xerando un maior benestar, igualdade e cohesión social do territorio e da cidadanía”.

A idea é, polo tanto, poñerlle fin dunha vez por todas á actual situación de clara desvantaxe de Galiza co resto da Unión Europea en materia de uso das novas canles da información. O PEGSI inclúe oito estratexias operativas: infraestruturas para a Sociedade da Información, interoperabilidade, seguridade e coñecemento aberto, contidos e servizos, desenvolvemento do sector empresarial da Sociedade da Información, aplicación das TIC polo tecido empresarial, servizos públicos de calidade,



Na web www.sociedadedainformacion.eu irase dando conta da posta en marcha de tódalas actividades do Plano

inclusión e sostibilidade e xestión das políticas públicas da Sociedade da Información. Un dos puntos máis salientables do Plano é sen dúbidas o apartado dedicado ó desenvolvemento de contidos propios, situando a Galiza non xa como “meramente consumidora”, senón tamén como “produtora”. Con esta vontade de favorecer contidos tecnolóxicos e dixitais “autóctonos” quérese (segundo apunta a Consellería) promover a consolidar a industria galega das TIC e, ademais, fortalecer os elementos que identifican a nosa cultura. Cómpre sinalar que ó longo dos vindeiros días a Consellería vai presentar o Plano na Comisión Interdepartamental da Sociedade da Información co fin de sometelo a unha xornada de validación en tres mesas de traballo integradas por case 70 profesionais, sendo o obxectivo que a tramitación do PEGSI no Consello do Goberno Galego comece en decembro. Por certo que Innovación tamén fixo públicas algunhas das conclusións do estudo que serve de base ó devandito Plano Estratéxico e que configura

tamén o punto de partida do futuro Observatorio Galego da Sociedade da Información. Podémolo ver na web www.sociedadedainformacion.eu. En liñas xerais, a diagnose conclúe que:

- A fenda dixital galega está fortemente condicionada pola taxa de envellecemento da poboación. Este feito acentúase ao considerar que o diferencial de Galiza con respecto ao Estado na franxa superior aos 45 anos é dun 7%, xa que este é o grupo poboacional que amosa un menor grao de uso de internet.
- A taxa de ingresos ou o lugar de residencia inflúen negativamente nos índices de uso do PC ou da Rede, dada a menor taxa de ingresos familiares ou a maior dispersión poboacional en relación aos datos estatais. Nalgúns casos, o PEGSI rexistrou situacións das que unha boa parte da sociedade galega xa tiña coñecemento.

A Xunta procura remedios para o noso baixo índice de vida dixital

O Plano Estratéxico Galego para a Sociedade da Información inclúe cen iniciativas e un investimento de máis de 800 millóns de euros

Por exemplo: existe un déficit dos equipamentos dispoñíbeis nas zonas non urbanas. Así, mentres que case dous terzos da poboación das cidades navega a cotío sen necesidade de desprazarse lonxe, no eido do rural acontece exactamente o contrario.

- As causas que dificultan o uso de Internet na poboación non son tanto as ligadas ás infraestruturas ou ó custo do equipamento, que se sitúan no 7% e máis no 11% (respectivamente) como de tipo máis intanxible. Segundo di a Consellería, a principal barreira en Galiza para o acceso a Internet é -no 56% dos casos- a falta de interese que ofrece nos contidos, seguido pola falta de formación e información, cun 28%.

A fenda dixital por razóns de xénero comeza a desaparecer nas novas xeracións

Segundo datos achegados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) sobre o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), as mulleres galegas empregan Internet e os computadores substancialmente menos cóos homes e có resto de mulleres de España; porén, este desequilibrio non se aprecia xa entre as galegas de entre 16 e 24 anos, que usan as novas tecnoloxías tanto coma o resto de mozas e mozos de España, o que indica que a fenda dixital por razón de xénero está a desaparecer entre as novas xeracións (segundo sinala a Consellería de Innovación).

No tocante ós datos relativos ó emprego de Internet, a porcentaxe de mozas galegas que acceden á Rede sitúase por riba do 80%, menos dun punto por debaixo da proporción de internautas existente entre os mozos de ambos xéneros en España e Galiza, e máis do dobre da cantidade de mulleres de máis de 24 anos, que se sitúa por debaixo do 40%.

As mozas galegas tamén superan ás súas nais e avoas no uso dos ordenadores, xa que un 83% delas emprega o ordenador a cotío, mentres que menos da metade da poboación feminina galega empregou esta tecnoloxía nos últimos tres meses.

Neste senso, as adolescentes sitúanse lixeiramente por debaixo da media galega e española no uso do PC entre mozos de ambos sexos. Algo que non sucede no que se refire ó emprego da telefonía móbil, xa que o 94,5% das mozas galegas teñen acceso a esta tecnoloxía, unhas décimas por enriba dos galegos da súa mesma idade.

Malia todo, este avance no emprego das novas tecnoloxías por parte das mozas galegas non é tan acentuado no caso do comercio electrónico, pois tanto en Galiza coma no conxunto de España, son os homes, con independencia da súa idade, os que máis seguen a mercar a través da rede.

Menos diferenzas entre o rural e as cidades

Asemade, a fenda dixital do rural respecto ás cidades en Galiza tamén se está a reducir entre os máis novos. Segundo datos do INE, máis da metade dos nenos do rural galego teñen acceso á telefonía móbil (un 54%) e até un 61% teñen computador, cifras moi semellantes á media das cidades españolas. Mais as cousas cambian no que se refire ó acceso a Internet, á cal só teñen acceso dous de cada dez fogares do rural, debido á falta de infraestruturas; así, mentres nas cidades galegas o 70% dos nenos son internautas, a proporción redúcese dez puntos nos concellos de menos de 10.000 habitantes. Máis datos en www.sociedadedainformacion.eu.




Cada vez son máis as mozas que se deciden a empregar as novas ferramentas da información.

Enredad@s: a mocidade e a Rede

O Consello da Xuventude de Galicia (www.cxg.org) organizou unhas xornadas do 16 ó 18 de novembro en Compostela baixo o título de “Enred@d@s” que achegou a Internet á mocidade galega con obradoiros, charlas e coloquios de grande interese.

REDACCIÓN

O Xornalismo 3.0

 Durante a primeira xornada de Enredad@s, aparte do acto inaugural (conducido polo director xeral de Comunicación Audiovisual, Manuel José Fernández Iglesias, e a presidenta do Consello da Xuventude de Galicia, María Dolores Rodríguez Amoroso) e de varios relatorios, celebrouse unha interesante mesa redonda sobre o chamado *Xornalismo 3.0*, que suscita moita polémica por mor da importancia que se lle dá ó periodismo cidadán. Discutiron sobre o tema Alfonso Rojo, director de Periodista Digital; Sergio Barriocanal, director da edición coruñesa do *Diario Qué*; Santiago Tejedor, profesor da UAB e editor do blog *Tejiendo ideas*; Javier Monjas, editor de *Nuevodigital.com* e Santiago Sangiao, director de *Xornal.com*.

No debate enfrontáronse posturas como a de Alfonso Rojo a favor do xornalismo cidadán e a de Javier Monjas, que cualificou a esta práctica de ser o “*xornalismo de botellón*”. Ademais, participantes como Sergio Barriocanal destacaron que no mundo dos blogs hai un exceso de opinión e falta de información, mentres que os integrantes da mesa de debate coincidiron todos en reflexionar sobre o xornalismo e a realidade da relevancia e a influencia da información. O público asistente realizou interesantes achegas ó debate, criticando duramente ós medios tradicionais (por dar unha visión partidaria da realidade), chamando á reflexión sobre a censura ou defendendo que certas



Mesa redonda baixo o título *Hai un galego na Rede*.

informacións deberían ser tratadas dun xeito máis profesional para a súa correcta comunicación. O debate non rematou cun consenso, xa que as dúas visións particulares dos cambios que están a converter ós cidadáns en xornalistas non parecen convencer a todos, de xeito que ninguén puído rebater de xeito sólido a afirmación inicial de Javier Monjas cando dixo que “*ciudadáns somos todos, xornalistas non*”, aínda que tamén quedou claro que a distinción entre a difusión de información e o xornalismo non está moi clara no que é todo un cambio de paradigma que revolucionou



Enric Sopena (á dereita) comparou a revolución actual da Rede coa aparición da televisión

o sector da comunicación, xa que pasaron os tempos nos que eran precisos uns grandes recursos para poder facer chegar unha mensaxe a todo o mundo.

Hai un galego na Rede

O momento máis “galego” do evento organizado polo Consello da Xuventude de Galicia na sede da Xunta en San Caetano (Santiago), tras un relatorio sobre software libre e unha conferencia de Carlos de la Iglesia (director de comunicación de Microsoft Ibérica), foi cando distintos persoeiros da Internet galega deron a súa particular visión da Rede. A mesa redonda comezou cunha intervención de Marcus Fernández, quen chamou á reflexión sobre a fenda dixital no rural e as dificultades existentes non só na conexión por banda ampla senón á propia Rede mediante módem, así como tamén fixo un repaso dos expoñentes que conforman a Internet que coñecemos agora,

destacando as publicacións electrónicas galegas coma *Vieiros*, os blogs galegos premiados tanto a nivel estatal coma internacional e a aparición de auténticos soportes sociais na Internet como *Blogaliza*, *Blogalego* ou *Chuzal*. Javier *Wicho* Pedreira falou da súa participación no blog español máis importante do mundo, *Microsiervos*, comentando interesantes conceptos que xustifican o seu éxito como o aproveitamento da longa cola, a publicación de temas do interese do autor e mesmo o bo trato por parte de Google. Roberto Noguero (de *Vieiros*) destacou que os blogs simplemente están a atender unha demanda dos cidadáns por achegar información sobre os temas de interese, aínda que tamén auspiciou a posibilidade dunha degradación do fenómeno dos cadernos persoais por mor do seu propio éxito, concepto que tamén tocou María Yáñez (ex directora de *Vieiros*). Ben distinto é o perfil de Manuel Bragado, que no seu blog *Brétemas* trata temas normalmente relacionados con mundo editorial (no que traballa, xa que é editor de *Xerais*). José Manuel Lage Tuñas (un dos poucos políticos galegos con blog) comezou a súa intervención definíndose como un novato na publicación na Web e destacando que esta nova ferramenta achégalles unha voz ós políticos. Lage Tuñas pechou a súa intervención animando ós asistentes a facer uso da Rede, pondo así o broche de outro a unhas reflexións sobre a web en Galicia que resultaron moi ilustrativas de cómo está o panorama actual. Mais a mesa redonda foi seguida por unha das conferencias máis agardadas, a de Enric Sopena (director de *ElPlural.com*), que tras autodefinirse como un “acabado de chegar á Rede” comparou a revolución que está a vivir a Rede coa aparición da televisión (o que tamén serviría para auspiciar que a coexistencia de medios é posible). Salientou que a día de hoxe, o 80% dos xornais dixitais dependen de medios afíns á dereita (tendo como principal expoñente a Rupert Murdoch), o que non parece agrandar a Sopena. Para rematar o día, os asistentes puideron acudir a un obradoiro de creación de blogs, o que seguro

que animou a moitos a dar os seus primeiros pasos neste eido en constante cambio no que cada día Galicia ten máis presenza.

Un espazo activo e participativo

A Rede non é a escusa que estaban a buscar os pouco faladores para deixar de comunicarse coa xente cara a cara. Certo: Internet, no seu reverso máis negro, pode levar consigo máis incomunicación ca comunicación, pero para axudarnos un pouco a empregala en doses mellores e máis eficaces é para o que xorden iniciativas como *Enredad@s*, unhas xornadas que reivindicaron unha Internet máis activa e participativa e que, a maiores, sirva de plataforma de lanzamento no eido laboral e empresarial. As *Xornadas sobre Mocidade e Internet* (*Enredad@s*), que se desenvolveron na sede da Xunta do 16 ó 18 de novembro, tiveron tamén o seguinte gran obxectivo: axudar ós novos galegos a atopar-las mellores estratexias para situarse privilexiadamente na Rede. Estas xornadas, que foron organizadas polo Consello da Xuventude de Galicia e a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, tiveron un “pleno” de asistencia (había 250 prazas disponibles), sobre todo mozos e mozas interesados en completar a súa formación e coñecemento acerca dunha plataforma/espazo/escenario no que, lles guste ou non, vansen ter que poñer á vista máis tarde ou máis cedo para:

- Atopar traballo.
- Desenvolver traballo.
- Dicir o que pensan.
- escoitar o que pensan os demais.



UN PERIÓDICO



PARA ESTAR MEJOR INFORMADOS

Todos los martes en la calle.

Más difusión

Un semanario de **30.000 ejemplares**, exclusivo para los **24 Ayuntamientos** de la comarca compostelana, distribuido de forma **gratuita** en todos los centros y lugares públicos.

Un **periódico semanal**, para acercar al lector cuanto sucede en su ámbito geográfico más cercano cada siete días.

Más frecuencia

Más próximo

Con el aval del **Grupo Correo Gallego**, que defiende desde siempre los intereses de la comarca compostelana, y abierto a la participación del lector.

Triunfo galego nos BoBs

Os galardóns (BoBs: Best of the Blogs) cos que Deutsche Welle quere salientar ós mellores blogs do eido internacional foron entregados hai uns días, liderando ós premiados o norteamericano Sunlight Foundation, que é un caderno colectivo que ten como obxectivo conseguir que Goberno e as autoridades estadounidenses teñan máis transparencia. Mais o que de verdade enche de orgullo á comunidade internauta galega é o feito de que o coruñés Nacho de la Fuente conseguira o premio ó mellor blog escrito en español co caderno La Huella Digital, onde este xornalista de La Voz de Galicia avalía con espírito crítico os acontecementos da nova era da comunicación, acontecementos nos que (queiramos ou non) estamos todos directamente implicados. Facemos memoria.

Ligazón: www.thebobs.com/index.php?l=es

REDACCIÓN

Se cadra non son os premios máis prestixiosos a nivel internacional no que se refire ó recoñecemento dos blogs, nin probablemente sexan os que máis dan que falar, pero non se lles pode negar a súa vontade de contribuír na medida do posible a reivindicar o labor das persoas e os colectivos que, sen máis arma que palabra escrita, tentan conseguir un sistema mundial onde a sociedade poida falar libremente (neste caso na Rede) sobre o labor de políticos, empresas ou institucións; onde as editoriais e as columnas de opinión poidan ser escritas por calquera e sen que sexan ditadas por terceiros.

O caso é que nesa liña a contrapelo da censura é onde se inscribe unha boa parte dos blogs gañadores desta nova edición dos BoBs que organiza a Deutsche Welle, como por exemplo o caderno Sunlight Foundation, un blog de moitos que actúa coma un leito de púas para os políticos e as administracións dos Estados Unidos ós que lle gustaría que todo o relacionado cos seus cargos públicos fose de natureza privada. Este blog, que até serviu para organizar unha campaña colectiva para pedir a creación dunha base de datos coa información sobre os custos dos proxectos de lei, foi especialmente valorado polo xurado de Deutsche

Welle, e tanto foi así que se pode considerar o gran gañador desta convocatoria. Por certo que o xurado considerou que este caderno é un exemplo moi positivo da influencia deste formato para a mobilización dos internautas, chamando ós cidadáns a tomar un compromiso máis activo na sociedade lonxe de partidismos. Podemos ver este caderno en: www.sunlightfoundation.com.

A presente edición tamén destacou porque o Premio Reporteiros sen Fronteiras (convertido en categoría fixa) tivo dous gañadores: os blogs KosooF e Tanine Sokut, que defenden a liberdade de expresión e prensa en Irán, no primeiro caso mediante imaxes (pois é un fotolog) e no segundo denunciando as violacións dos dereitos humanos así como os asuntos ignorados polos medios de comunicación iranianos. Estes cadernos, que se suman a unha ampla listaxe de voces de denuncia contra a censura naquel país, podemos velos aquí, respectivamente: www.kosooF.com e hamedmottaghi.blogfa.com.

Pola súa banda, o Premio ó Mellor Blog Colaborativo foi para Fussball-Club, que é un caderno que informa sobre fútbol e os seus resultados, aínda que tamén trata temas de política e corrupción. Podemos visitalo aquí: www.sports.ru/blog.html?blogid=330

Muzimei Studio acadou o recoñecemento como o mellor podcast, aínda que este blog chinés actualmente complementa o podcasting con vídeo, e é un dos poucos podcasts con entrevista realizados dende China. A ligazón é podcast.bokee.com/muzimei.html

O curioso Premio Blogwurst foi a parar a Aref-adib, un curioso espazo no que se atopan semellanzas razoables a tódolos niveis (que tanto afectan ó cartaz de Pedro Almodóvar como se achegan interesantes comparacións entre a estatua de Venus e o boneco de Michelin) e comentarios críticos (nos que se comparan a silueta de Iraq no mapa cunha sogá ou co propio Darth Vader).

Aref-adib ten o seguinte enderezo: <http://aref-adib.com/>.

Galardón para Nacho de la Fuente

<http://lahuelladigital.blogspot.com/>



O fotolog KosooF loita pola liberdade de expresión en Iraq

Amais dos premios devanditos, Deutsche Welle tamén convocou outras categorías nas que recoñeceu o labor de diferentes cadernos persoais a prol da liberdade de expresión en diferentes linguas. É aí, concretamente no apartado da lingua española, onde o blog La Huella Digital do coruñés Nacho de la Fuente confirmouse como o gañador desta edición 2006. Podemos ver este caderno aquí: lahuelladigital.blogspot.com.

Este blog trata temas de actualidade, así como relativos ó mundo do xornalismo e da blogosfera. De la Fuente vive actualmente en Betanzos e traballa en La Voz de Galicia, e quixo dedicar o seu premio á súa muller, fixo, familia e compañeiros.

Estes son oficialmente os argumentos sobre os que se apoia o recoñecemento, segundo o xurado: "O Premio do Xurado para o Mellor Blog en español foi outorgado á La Huella Digital, unha bitácora escrita polo xornalista Nacho de la Fuente, na que o seu autor analiza o que se coce na actualidade, o xornalismo e a blogosfera. O galardón supón un recoñecemento ó xornalismo de calidade dende un blog independente, ben escrito e atento ós cambios dos medios e o xornalismo na era dos medios sociais".

Nacho de la Fuente, que competía xunto con 426 cadernos de lingua hispana, falou con nós sobre o que significa para el este galardón, entre outras cuestións relacionadas.

Esta que vén a continuación foi a nosa conversa.

-Que significa para ti ser recoñecido nun certame que defende os blogs como "remedios" contra a censura?

-Este recoñecemento significa moito para min, porque os BoBs son considerados os "Oscar dos blogs", e verte premiado pola Deutsche Welle xermana é moi prestixioso. Reflicte o boom dos blogs nesta sociedade hiperinformada que procura outras canles para contrastar as informacións. Ademais, son un excelente medio interactivo que fomenta a conversa ceibe, tan necesaria nestes tempos.

-Que proxectos ten Nacho de la Fuente a partir de agora na súa bitácora? Cambiará algo o feito de ter recibido este premio?

-Non cambiarei nada. Seguirei escribindo nela de xeito máis pausado pero cos mesmos criterios que nos case dous anos de vida de La Huella Digital. Artigos directos, concisos e cunha linguaxe sinxela.

-Sentícheste algunha vez censurado na túa bitácora?

-Nunca. O bo dos blogs é que ninguén che di o que tes que facer, ou como o tes que pór. Esa é a súa maxia.

-Poden os blogs cambiar o mundo?

-Poden facer máis doada a liberdade de expresión, pero non cambiar o mundo. Dende un teclado na túa casa podes crear correntes de opinión moi reducidas, semellantes ás que atopas polas rúas pero sendo consciente de que o seu impacto é planetario. Os blogs poden facilitar o darlle a volta á tortilla informativa, como se comprobou nalgúns casos.

Os premios do público

Estes premios anunciáronse nun acto público celebrado en Berlín con presenza do xurado, pero tamén hai uns premos do público, no que participaron máis de 100.000 votantes cuns resultados ben diferentes ós anteriores: Lisa Neun é o Mellor Blog, Haftegi o Mellor Podcast, o brasileiro Blog do Tas é o Mellor Blog Colaborativo, o Premio Reporteiros Sen Fronteiras foi a parar a outro blog brasileiro (Blog da Alcinéa Cavalcante), o Premio Blogwurst foi para o disidente chinés Zeng Jinyan e o Mellor Blog en Español foi para Manuel M. Almeida co seu Mangas Verdes.

Lisa Neun: www.lisaneun.com/19log
Haftegi: <http://haftegi.7rooz.com/Blog do Tas: www.blogdotas.com.br/>
Blog da Alcinéa: <http://alcinea.cavalcante.blogspot.com/>
Blog de Zeng Jinyan: <http://blog.sina.com.cn/m/fczz>
Blog de Mangas Verdes: <http://mangasverdes.es/>

:: La Huella Digital

BOBOS A LA ACTUALIDAD. EL PERIODISMO Y LA BLOGOSFERA - AÑO II
HEL QUE NO LREL DE NACHO DE LA FUENTE
(MERECE)


MARTES, 14 DE FEBRERO DE 2006

Os recuadro que esta tarde a las 18 horas participare en un encuentro digital en La Voz de Galicia. Allí os espero.

Etiquetas: Blogosfera, Internet, La Huella Digital

POSTED BY NACHO DE LA FUENTE AT 18:00

O blog La Huella Digital pertence ó xornalista galego Nacho de la Fuente



Imaxe da exposición vista en Madrid 18 segundos (www.18segundos.com), de Alejandro Marcos e Iván Hidalgo

REDACCIÓN

Os datos achegados pola Organización de Nacións Unidas na súa web (www.onu.org) son cen por cen arrepiantes: no mundo, o 25% das mulleres foron violadas nalgún intre da súa vida e, dependendo do país, entre o 25 e o 75% delas reciben a cotío maltrato físico nos seus propios fogares. Ademais, preto de 120 millóns de mulleres sufriron mutilacións xenitais, e as violacións teñen devastado rexións enteiras nos diferentes conflitos bélicos de países como Ruanda, Camboxa, Liberia, Perú, Somalia e Uganda, incluíndose neste grupo un país europeo, a antiga Iugoslavia, que tira polo chan a teoría xeralizada de que esta lacra téndese a concentrar nos países menos desenvolvidos. Porén, esta non é a única crenza máis ou menos unánime que cómpre desmentir. Hai outras que tocan de preto ó caso galego e que figuran no punto de mira das iniciativas que desenvolve Vicepresidencia para o Día Mundial para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o 25 de novembro. Figuran no punto de mira para desmentilas.

Aquí van un par delas:

- Existe a teoría de que o problema do maltrato é un problema sen solución. Segundo a Xunta, “é posible rachar coa espiral de violencia de xénero” e concienciar a tódolos sectores da sociedade galega desa posibilidade é un dos grandes obxectivos da campaña de antes, durante e despois do 25 de novembro. Dito doutro xeito: o que se pretende é quitarlle todo o ferro posible ó feito da denuncia ó agresor. A liberdade para decidir, polo tanto, é posible e real.
- Non é certo que os casos de maltrato físico ou psicolóxico se concentren nas familias de menores ingresos e formación. Precisamente, un estudo recente da Xunta

(achegado a través do Servizo Galego de Igualdade) revela que o tramo de ingresos por enriba dos 900 euros onde se teñen rexistrado máis casos.

Neste informe do Servizo Galego de Igualdade tamén se fornecen os seguintes datos de interese: unha de cada dez galegas de máis de 18 anos sofre malos tratos e, a día de hoxe, rexistráronse en Galiza un total de 145.000 mulleres vítimas da violencia física ou psicolóxica. Por provincias, A Coruña e Ourense son as que presentan os índices máis altos de casos non confesados e Pontevedra é onde se teñen rexistrado máis mulleres que confesan abertamente ser obxecto de malos tratos. Malia todo, malia o preocupante das cifras tanto a nivel galego como a nivel mundial, os devanditos departamentos da Xunta queren facer fincapé na mensaxe de esperanza, que é o alicerce de tódalas iniciativas programadas.

Carteis, spots e trípticos para todas e todos

O obxectivo das actividades é chegar a tódolos niveis da sociedade, ou sexa: non só ás propias mulleres. De feito, no punto de mira da campaña que coincide co día 25 están tamén os profesionais que traballan neste eido, a comunidade escolar enteira (nenos, nenas, pais, nais e mestres) e, como non podía ser doutro xeito, os propios homes (este punto semella ser fundamental, xa que a concorrencia dos homes nas mobilizacións puntuais e do día a día dá exemplo a outros homes, ós mozos e ós mesmos nenos). A campaña inclúe un spot televisivo onde se fai fincapé na posibilidade de escape, nese concepto de “novo comezo” do que falabamos ó principio. O argumento é sinxelo: unha muller con evidentes sinais de maltrato físico óllase en fite perante o espello, no que só ve reflectida a figura do seu maltratador. Logo, é quen de ceibarse do seu anel e gañar de novo o control sobre a súa vida. A campaña tamén

inclúe material de apoio para ser distribuído en concellos, centros de información á muller, centros de servizos sociais, centros da mocidade, centros Quérote e de saúde, comisarías, locais de colectivos de mulleres, colexios, centros de secundarias e universidades. Por outra banda, tamén se imprimiron 5.000 carteis e 35.000 trípticos con información completa sobre o problema do maltrato físico e psicolóxico e os diferentes xeitos de poñerlle fin e solución, e están dirixidos ás mulleres de tódalas idades. A iniciativa inclúe tamén a distribución de dúas guías que van orientadas a “axudar ás mulleres que sofren violencia a coñecer os recursos que teñen ó seus dispor, así como os trámites legais a seguir a partir da denuncia, das que se repartirán 30.000 unidades”.

Polo que se refire ós actos concretos de Vicepresidencia para a devandita xornada do 25, cómpre sinalar que Santiago será (por así dicilo) o principal centro de operacións. Así, están previstos eventos como por exemplo o que se vai desenvolver o día 23 na Facultade de Filosofía e que consiste no recital Poetas galegos contra a violencia de xénero, ou o que se celebra na praza do Obradoiro o día 24, onde a artista Luz Darriba levará a cabo unha intervención de gran tamaño chamada Palabra+. Cómpre sinalar que ó longo da xornada do 25 propiamente dita organizarase a entrega do premio Eu tamén navegar. Para unha Galiza sen violencia de xénero, certame convocado por Vicepresidencia co obxectivo de “estimular esforzos e recoñecer as traxectorias de persoas ou entidades que teñen contribuído a previr, denunciar ou combater estas situacións, desenvolvendo un labor relevante no eido da loita contra esta lacra social”. Podemos atopar máis información na web vicepresidencia.xunta.es.

Unha xornada con historia

O xermolo do Día Mundial para a Eliminación da Violencia de Xénero está en 1981, cando

Obxectivo: comunicar que hai saída

Vicepresidencia puxo en marcha unha serie de actividades con motivo do Día para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, este 25 de novembro

A mensaxe do 25 de novembro, Día Mundial para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, é máis ca nunca unha mensaxe de esperanza, de novo comezo, de liberdade para tomar decisións. Este é o contido que recollen e asumen Vicepresidencia da Xunta e a Secretaría Xeral da Igualdade e que está presente en tódalas iniciativas que están xa a desenvolver co fin de conmemorar a devandita xornada, tanto no real como no virtual. Na súa opinión, e en contra do que unha boa parte da sociedade galega pensa, o problema do maltrato físico e psicolóxico ás mulleres é un problema con solución e con respostas. E todo iso, malia o drama das cifras: a Xunta estima que en Galiza hai 145.000 vítimas dos malos tratos e a ONU calcula que no mundo arredor do 25% das mulleres foron violadas nalgún momento das súas vidas.

as militantes a prol dos dereitos da mulleres decidiron sinalar esta xornada en concreto por ser o día no que foron asasinadas as tres irmás Mirabal na República Dominicana, a mans do goberno ditatorial de Rafael Trujillo, en 1961. Anos máis tarde, concretamente en 1999, a Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas (ONU) deulle carta de oficialidade a esta data na resolución 54/134, convidando así a gobernos e organizacións de todo o mundo a asumir o compromiso de concienciar á poboación sobre a necesidade de loitar a prol dos dereitos das mulleres no mundo. En termos do propio Kofi Annan, secretario xeral das Nacións Unidas, “as mulleres teñen dereito a vivir a súa vida e a criar ós seus fillos sen medo á violencia. Temos que axudalas a desfrutar deste dereito, deixando ben claro que a violencia pode previrase integrando esforzos para determinar as súas causas subxacentes e facerlles fronte”. Esta documentación está dispoñible nas seguintes ligazóns:

- www.onu.org/Agenda/dias/mujer.htm
- www.un.org/depts/dhl/spanish/violence/index.html

Violencia de xénero

“As novas tecnoloxías son un excelente medio para sacar á luz a violencia no fogar”

O vicepresidente Anxo Quintana detalla polo miúdo as iniciativas do seu departamento para poñerlle freo e solucións á violencia contra a muller

O 25 de novembro é o Día Mundial para a Eliminación da Violencia contra a Muller, unha data para reflexión pero tamén para poñerse (todos) mans á obra tendo sempre en conta que hai saídas, outras vidas posibles e, sobre todo, solucións. De “positivista” é como se pode cualificar a campaña de Vicepresidencia a prol da eliminación desta lacra, e ese mesmo termo pódese empregar para todo o que nos conta Anxo Quintana na entrevista que incluímos a continuación.

Malia a preocupación que lle causa o feito de que unha boa parte dos casos de malos tratos de Galiza se silencie (o silencio dos amigos e dos achegados), case tódalas respostas veñen do mesmo sitio: da confianza na posibilidade de re-vivir. Ó seu xuízo, as novas tecnoloxías son un gran medio para a loita dende tódalas fronteas. Xa que logo, diso se trata, a fin de contas: dunha fronte de batalla que non manca pero condena, que non é dunha soa raza, xénero ou idade senón que implica a tódolos seres humanos.

REDACCIÓN

-Como saberá, a nosa é unha revista sobre novas tecnoloxías da información e, dende ela, tratamos de contribuír na medida do posible á normalización no emprego en Galiza destas ferramentas. Cre



Quintana amosou ter moita ilusión en proxectos como o da creación dun Centro de Recuperación Integral para mulleres maltratadas

vostede que son importantes estas novas canles de información e diálogo para a loita contra o maltrato?

-Na loita contra a violencia de xénero todas as mans e todas as canles son poucas, todos temos algo que dicir, todos temos que implicarnos, e temos que empregar todas as ferramentas ao noso dispor para procurar rematar cunha lacra que leva tempo de máis formando parte desta sociedade. As novas tecnoloxías son un elemento fundamental desta Sociedade da Información e a Comunicación, rachan co illamento e son un excelente medio de comunicación para sacar á luz problemas coma a violencia de xénero, para establecer canles de axuda e para dar información ás mulleres maltratadas sobre os pasos que teñen que dar para rematar coa súa situación e os medios que hai ao seu dispor para saír da violencia, porque como di a campaña que Vicepresidencia ten en marcha este ano *Da violencia de xénero podemos saír*.

-Pódese facer algo para frear esta vaga de violencia? Debemos ter esperanza? De verdade alguén que fique indiferente a este problema ó longo de todo ano vai tomar nesta xornada carta de conciencia?

-O que si temos claro é que hai que facer algo, non podemos cruzarnos de brazos ante unha lacra coma o terrorismo de xénero, e este Goberno deixou claro dende o primeiro día que non o ía a facer. Vicepresidencia ten un compromiso firme coa loita contra a violencia de xénero e coas políticas de igualdade, que agora si están a ser tidas en conta dende a Xunta de Galiza, despois de anos de abandono e *ninguneo* por parte dos anteriores gobernos do PP. Para nós, a Igualdade é un eixo fundamental da súa acción e ademais temos implicado a todo o Goberno galego nunhas políticas que necesariamente teñen que ser transversais para ser efectivas. No eido da violencia de xénero, ademais das campañas de sensibilización que cumpren unha importante labor, temos posto en marcha medidas tan importantes coma o Salario da Liberdade, do que xa se teñen beneficiado máis de

230 mulleres de toda Galiza, que conseguiron grazas a esta medida rachar coas cadeas da dependencia económica que as unían aos seus agresores.

-E máis medidas de atención integral, non?

-Si, de feito temos impulsado a posta en marcha dun protocolo integral de atención ás vítimas da violencia de xénero, que implica a todos os actores que teñen parte nestes procesos, e temos ultimada e a punto de entrar no Parlamento a Lei Galega contra a Violencia de Xénero, que estará aprobada e en vigor o vindeiro ano e permitirá que Galiza teña por primeira vez unha lexislación específica e acaída sobre este problema.

“A mensaxe está dirixida ás mulleres pero os homes teñen que participar, teñen que ser os nosos cómplices para rematar con esta lacra. Non pode ser que os homes sexamos cómplices destas situacións, temos que concienciarnos, temos que ver este problema como o que é: terrorismo de xénero, contra o que nos temos que implicar co resto da sociedade.”

-Que podemos facer os homes nesta iniciativa? Esta campaña de Vicepresidencia vai dirixida ás mulleres ou tamén ós homes? E ós nenos?

-Como dicía, na loita contra a violencia de xénero todas as mans son poucas, pero máis aínda no caso dos homes. As nosas campañas do ano pasado e deste ano reflicten unha evolución, o ano pasado en sentido negativo e este en sentido positivo, do que son estes casos no día a día. A mensaxe está dirixida ás mulleres pero os homes teñen que participar, teñen que ser os nosos cómplices para rematar con esta lacra. Non pode ser que os homes sexamos cómplices destas situacións, temos que concienciarnos, temos que ver este problema como o que é: terrorismo de xénero, contra o que nos temos que implicar co resto da sociedade.

-Que se está a facer ou se vai facer dende as escolas galegas?

-Educar en igualdade é a prioridade para evitar a violencia de xénero dende o principio, e nese senso dende a Secretaría Xeral de Igualdade da

Vicepresidencia se están a levar a cabo importantes medidas e campañas para promover a educación en igualdade en todos os colexios de Galiza. A igualdade entre nenos e nenas ten que ser a base, a educación nestes valores supón o xerme que pode impedir moitos casos de violencia de xénero no futuro.

-Na presentación das actividades de Vicepresidencia para a xornada do 25 e até final de ano, vostede fixo fincapé no alicerce da campaña enteira: é posible saír dunha situación de violencia de xénero. Con que recursos o departamento que vostede dirixe vai contribuír a espallar esa mensaxe e a facela efectiva?

-A campaña deste ano ten unha mensaxe claramente en positivo, amosa a evolución con verbas dende a situación de violencia ata o momento de rachar con esta situación e emprender unha nova vida, porque é posible saír destas situacións e porque as mulleres que as padecen teñen que ter claro que non están soas, que teñen unha Administración que está a tomar medidas, que está a buscar mecanismos e vías para protexelas e que ten en marcha actuacións neste senso, para tenderlles a man e axudarlles a comezar unha nova vida. A mensaxe ten ese sentido e Vicepresidencia está a facer un importante esforzo para que esta mensaxe chegue a cada recuncho do país, para que todas e cada unha das mulleres galegas que se atopan nesta situación saiban que poden saír, que hai medios e axudas, e que teñen ao seu goberno preto para axudalas.

-Chámanos a atención o Salario da Liberdade. Como se atopa neste intre o programa en cuestión de persoas participantes e logros?

-O Salario da Liberdade foi unha das primeiras medidas que puxemos en marcha ao chegar ao Goberno, porque tiñamos claro que un dos problemas dos casos de violencia é a dependencia económica que existe entre moitos agresores e as súas vítimas. De aí a importancia desta medida, de que estas mulleres poidan dispor de 600 euros mensuais durante un ano para rachar con esta cadea e emprender unha nova vida lonxe dos seus agresores. Pois ben, despois dun ano de salario da liberdade o balance é moi positivo, temos xa concedidos máis de 230 destes salarios e outros moitos están en tramitación, e a medida continuará para o ano que vén, orzamentada para 2007 con outro millón de euros ampliable segundo os casos que teñamos.

“Imos crear un Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia, o primeiro destas características

que terá Galiza, e no que se lles emprestará un servizo integral de atención psicolóxica, xurídica e social.”

-Pode falarnos dalgún proxecto a medio ou longo prazo do departamento que dirixe e encamiñado precisamente a axudar ás mulleres galegas maltratadas a que collan as rendas das súas vidas?

-Ademais do Salario da Liberdade este ano temos dado un paso importante, cun proxecto a medio prazo que suporá a atención integral que actualmente non teñen as mulleres vítimas da violencia en Galiza. Imos crear un Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia, o primeiro destas características que terá Galiza, e no que se lles emprestará un servizo integral de atención psicolóxica, xurídica e social. As mulleres atendidas neste centro poderán permanecer nel todo o tempo que se estime preciso para comezar de novo unha vida mellor. Ademais, temos listo o anteproxecto de lei para a prevención e tratamento da violencia de xénero, no que Vicepresidencia traballou con todas as administracións e colectivos que teñen algo que dicir sobre esta cuestión para darlle á nova lei un carácter transversal que a faga útil e efectiva. Con esta lei as prestacións e a atención integral serán dereitos garantidos para todas as mulleres que sofren violencia.

-Haberá algunha medida de axuda para adquirir vivendas?

-Si, precisamente Vicepresidencia ten en marcha coa Consellería de Vivenda unha liña de axudas para as mulleres maltratadas con rendas máis baixas, para que merquen ou aluguen unha vivenda e poidan iniciar unha nova vida. Son subvencións de ata o 80 por cento do aluguer para mulleres con ingresos inferiores a 470 euros mensuais e de até o 70 por cento do aluguer no caso das que ingresen ao mes entre 470 e 1.175. Amais, hai unha axuda de 2.000 euros para as mulleres maltratadas que desexen mercar unha nova vivenda. A maiores, Vicepresidencia e a Consellería de Vivenda teñen para as vítimas da violencia a consideración de “prioridade” no Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida.

“Nunha enquisa da Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais da Vicepresidencia revelábase que en Galiza tres de cada catro persoas que saben dalgún caso de violencia de xénero no seu arredor non o denuncian”

-A sociedade galega está disposta de verdade ou non a condenar de xeito radical esta lacra? Hai diferenzas neste senso entre o que acontece entre unhas xeracións e outras?

-Hai uns meses dende a Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais do departamento que dirixo déronse a coñecer os resultados dunha

enquisa sobre violencia de xénero en Galiza, uns resultados que eu cando menos definiría como preocupantes. Segundo esta información, tres de cada catro persoas que saben dun caso de violencia de xénero no seu arredor non o denuncian. Esta enquisa revelaba un rexeitamento do 93,4 por cento dos galegos cara a violencia de xénero, pero o feito de coñecer casos e non denuncialos resulta moi alarmante. Segundo estes datos, o grao de coñecemento de feitos deste tipo é maior nos ámbitos máis urbanos e son precisamente as persoas máis novas que residen nas grandes cidades as máis predispostas á hora de denunciar casos de violencia de xénero.

-Que lle diría vostede a unha persoa que xustifique esta violencia?

-Que a sociedade precisa do seu compromiso, da súa implicación e da súa condena á violencia de xénero, que o silencio nos fai cómplices deste terrorismo de xénero e que non hai nada que xustifique a violencia.

-Que ocorre cando os nenos medran nun ambiente familiar onde non só non se condenan estes feitos senón que tamén se xustifican e até se anima a levalos a cabo? Como se pode actuar aí?


-A educación en valores, a educación en igualdade non só é un cometido das escolas, é un traballo arduo que se ten que ver complementado no fogar. Todos os que temos fillos debemos ter claros os valores que cada día, co noso exemplo, lles estamos a transmitir. As unidades familiares son un dos piares nos que descansa a educación das novas xeracións, é unha responsabilidade con máisculas, e nese senso se debe tomar. Os pais e nais, e todo o eido familiar, debe ser consciente de que as súas ensinanzas, o seu exemplo, son en moitos casos modelos de conduta para os nenos e as nenas, na medida en que estes modelos que transmitamos sexan os correctos o día de mañá eses nenos e nenas serán mellores ou peores adultos.

-Onde é máis grave a situación, no rural ou nas cidades?

-As situacións conflitivas e os problemas son diferentes no caso do rural, porque o illamento, a dispersión da poboación e o modo de vida fai que non lles chegue da mesma maneira que ás cidades toda a información e os recursos dos que dispoñen. Pero o problema da violencia de xénero é igual de preocupante no caso das cidades, hai lugares coma Vigo onde resultan alarmantes as cifras de casos de violencia de xénero, de agresións e mortes, na cidade que é o principal motor de Galiza. As actuacións a nivel de prevención e tratamento temos polo tanto que aplicalas con igual énfase nas cidades e no medio rural, porque até o de agora pouco se fixo neste eido por parte dos anteriores gobernos, e todo está por facer tanto nunhas coma noutras zonas.

A muller e a súa relación coas novas tecnoloxías, a debate en Pontevedra

Avaliar polo miúdo a relación actual entre as mulleres e as redes da información é un dos grandes obxectivos do Foro Internacional sobre Comunicación e Xénero que organiza o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) o día 25 de novembro en Pontevedra.



Muller conectada a Internet, vista en www.flickr.com/photos/lostinthought

O encontro, que forma parte das moitas actividades que se van desenvolver na nosa terra con motivo do Día Mundial para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, tamén vai orientado a analizar as posibilidades da Sociedade da Información como viro de organización do movemento feminista.

Na xuntanza, que conta xa cun espazo de traballo virtual (www.observatoriodosmedios.org), farase fincapé na necesidade de poñerlle fin ó papel dos medios informativos como “reprodutores dos silencios, invisibilizacións, estereotipos e discriminacións por razón de xénero”. Este encontro forma parte dunha serie de catro foros que organiza o CPXG para fomentar o debate entre os xornalistas e a sociedade civil.

Así, A Coruña acollerá un foro sobre *Comunicación e discapacidade* a mediados de decembro, Lugo sobre *Comunicación e xuventude* en febreiro e Ourense sobre *Comunicación e persoas maiores*, a finais de marzo de 2007.

Encrucillado xigante con Palabras + . Palabras animadas

O Obradoiro de Santiago será (por así dicilo) unha das grandes sedes simbólicas do espírito galego do 25 de novembro a prol da non violencia contra a muller, feito ó que sen dúbida vai contribuír a montaxe *Palabras + . Palabras animadas* da artista Luz Darriba e que consiste nun *macroencrucillado* que abrangue 25 termos da nosa lingua para representar o que debe e pode ser un mundo sen violencia de xénero (posible). Nesta actividade reivindicativa participarán uns 800 rapaces e rapazas de vinte centros de Educación Secundaria de Galiza (a partir das 10.00 horas da devandita xornada do 25), estudantes que acoden cun coñecemento amplo deste proxecto en concreto e, amais, do problema mesmo da violencia contra a muller: de feito, xa levan semanas traballando arreo coa devandita artista no desenvolvemento deste proxecto.

Estes son os termos elixidos (logo dun longo e estudado proceso de selección): respecto, amor, compromiso, autoestima, xenerosidade, tenrura, valoración, paridade, solidariedade, xustiza, liberdade, independencia, sensibilidade, sinceridade, lealdade, compañeirismo, fraternidade, comprensión, amizade, paixón, estimulación, cooperación, harmonía, saúde, felicidade, unión, desexo, alegría, coñecemento, dignidade, positividade, realización, compartir, educar, coeducar, igualdade, autoconhecimento, paz, confianza, seguridade, diferenza, responsabilidade, corresponsabilidade, amabilidade, feminidade, masculinidade e vontade.

Na instalación, que se poderá ver o venres no Obradoiro de 10.00 a 11.30 horas, os rapaces e rapazas debuxarán cos seus corpos as letras que compoñen estas verbas, ata formar un encrucillado xigante sobre unha lona de 2.000 metros cadrados.

Mobilizacións a prol dos dereitos da muller, tamén na Rede

Damos conta dalgúns recursos web de interese que operan como portas ás que chamar, focos de actividades ou subministro de información



A páxina de Amnistía Internacional tamén ofrece información abonda sobre a lacra da violencia.

REDACCIÓN

A violencia de xénero segue a ser, hoxe por hoxe, un dos problemas sociais máis graves que teñen tódalas sociedades, dende as máis desenvolvidas até as menos. O maltrato no fogar, principalmente contra a muller, non puído ser atallado. Os asasinatos das parellas continúan, e 2006 semella ser un dos anos máis desastrosos con máis de media centea de mortes violentas nos últimos 10 meses.

Mais tamén o maltrato físico, moral e psicolóxico multiplica por dúcias de veces os crimes mortais, e a violencia instálase en moitos fogares sen que os mecanismos para impedila sexan efectivos abondo. En Galiza, a Xunta estima que unha de cada dez mulleres de máis de 18 anos sofre malos tratos. Segundo o informe do Servizo Galego de Igualdade do que xa falamos nas páxinas anteriores, na nosa terra hai un total de 145.000 mulleres maltratadas, aínda que só un terzo das mesmas admite ter sido vítima de agresións físicas ou psicolóxicas. O estudo, realizado a partir de enquisas telefónicas, diferencia entre aquelas mulleres que “*declaran*

ter sido vítimas de malos tratos” no último ano -un total de 39.672- e as que non o admiten pero poden ser consideradas como maltratadas porque sofren situacións que “*tecnicamente*” as converten en vítimas -unhas 105.220 mulleres.

O informe tamén indica que a maioría das galegas que sofren violencia non traballan (un 16,7%) ou son autónomas (un 14%) e, ademais, sete de cada dez vítimas de malos tratos son nais e teñen unha media de dous fillos.

O Servizo Galego de Igualdade, a través da súa páxina web <http://sgi.xunta.es/>, ofrece unha serie de programas de asistencia e axuda para as mulleres maltratadas que non saben como nin a onde acudir para poñerlle fin á súa situación. Estes programas son:

Atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia doméstica

Programa de atención psicolóxica especializada na violencia de xénero que ten como finalidade ofertar recursos terapéuticos que abran vieiros de recuperación a mulleres vítimas da violencia doméstica. Levado a cabo en colaboración co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, o programa conta cun psicólogo/a coordinador/a e cunha rede de profesionais debidamente acreditados, que levan a cabo a intervención profesional á que se refire o programa en toda a comunidade autónoma de Galicia. Pódese acceder a estes contidos a través da páxina www.cop.es/copgalicia ou ben a través do teléfono 629 777 595, operativo as 24 horas do día. Tamén o teléfono da muller, o 900 400 273 está operativo ó longo de todo o día e presta un servizo permanente de asesoramento e derivación para a atención terapéutica personalizada, de xeito anónimo e gratuito.

Atención psicolóxica para homes con problemas de control e violencia no ámbito familiar

Este programa facilita ferramentas para que os homes consigan comunicarse mellor e máis a fondo co fin de resolver os conflitos de parella sen violencia. Trátase polo tanto de achegarlles recursos para relacionarse coas mulleres de xeito solidario, como educar os fillos en igualdade e como asumir hábitos positivos de relación e convivencia. Tamén en colaboración co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, este programa vai dirixido a aqueles homes que, conscientes de adoitar actitudes non axeitadas nas relacións coa súa familia, parella ou círculo social, desexen adquirir novos xeitos de comportamento exentos de agresividade. O enderezo de correo electrónico

para poñerse en contacto co devandito programa é prog_copg@correo.cop.es, e a través deste correo (de xeito anónimo e gratuito), os homes que así o desexen poden obter información e apoio para trocar a súa actitude agresiva por outros xeitos de comportamento. Asemade, o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia dispón dunha rede de profesionais con formación específica que realizan un diagnóstico da situación de cada un dos participantes nos programas e recomendan a terapia axeitada a cada caso.

O Servizo Galego de Igualdade é un organismo autónomo adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia e que vela por promover a igualdade de dereitos, a non discriminación entre homes e mulleres e a participación e integración da muller na vida social, cultural e económica e política de Galiza. Entre outras moitas funcións, o SGI encárgase de estudar a situación das mulleres galegas, denunciar os casos de agresión e discriminación sexual, posibilitar a atención personalizada en situacións de especial necesidade, cooperar con todo tipo de entidades que contribúan a conseguir a igualdade de oportunidades ou elaborar informes de actuación e programas para fomentar o emprego e a formación profesional das mulleres. A nivel galego, este é o organismo máis importante de loita contra a violencia de xénero pero existen outros organismos estatais con presenza en internet, a modo de páxinas web, foros ou blogs con e que ofrecen información de proveito e axuda para aquelas mulleres que o precisen:

- www.mju.es/mvictimas.htm
Oficina de asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual do ministerio de xustiza.
- www.educarenigualdad.org
Directorio de recursos educativos para a igualdade e a prevención da violencia de xénero.
- www.aytolacoruna.es/1home/directorio.htm?vermas=1036051297776-77



Recursos formativos de interese, na web de Educar en la Igualdad.

Referencia á casa de acollida para mulleres maltratadas.

- www.redfeminista.org
Páxina da rede estatal de organizacións feministas contra a violencia de xénero.
- www.nodo50.org/mujeresred/v-documentacion.htm
Portal creado por *Mujeres en Red* que ofrece información e loita contra a violencia cara a muller.
- www.observatorioviolencia.org
Observatorio da violencia de xénero.
- perso.wanadoo.es/e/jcpintoes/index7.html

Portal que inclúe un directorio de páxinas contra a violencia de xénero en España:

- www.es.amnesty.org/nomasviolencia/
Organización que loita polos dereitos humanos en todo o mundo. Inclúe unha páxina dedicada á violencia de xénero.
- www.mediterraneas.org/article.php3?id_article=137
Rede feminista de organizacións contra a violencia de xénero
- www.mujeresenred.net
Un portal de xénero en Internet, un posto para o encontro.
- www.separadasydivorciadas.org/centro.html

Portal web da Federación de Mulleres Separadas e Divorciadas que ofrece axuda para a recuperación e a inserción das mulleres maltratadas.

- www.florenzia-902116504.org/menu.html
Servizo de atención á muller.
- www.vidahumana.org/vidafam/violence/maltrata.html
Testemuñas arrepiantes de mulleres maltratadas.
- www.noeresmas.com/articulos/10-mitos-acerca-de-las-mujeres-maltratadas
Dez mitos acerca das mulleres maltratadas.



Web do Observatorio da Violencia de Xénero.



A páxina da Consellería de Educación ten diferentes portas de entrada, dependendo de se o internauta é alumno, mestre ou pai.

REDACCIÓN

De tódolos espazos web que as institucións públicas galegas teñen activos, se cadra un dos máis importantes é o da Consellería de Educación, e non tanto polas visitas, senón tamén polo que significa: é o principal camiño de acceso dos nenos, nenas, mozos e mozas de Galiza cara a Internet máis informativa e formativa. É dicir: cara á Rede coa que se terán que ir familiarizando, porque de seguro que van ter que empregala cando no futuro teñan que amosar os seus coñecementos perante as persoas que moven os fíos da contratación, que –como todos sabemos– son cada vez máis reticentes a deixarche entrar na súa firma se confundes un computador cunha espredadora.

Así están as cousas.

Polo tanto, motivos para visitar a web da Consellería de Educación podería haber moitos, e hainos, pero hoxe decidimos escoller este en especial: para lembrar a súa importancia, ós demais e tamén a nós, a nenos e tamén a profesores, porque sen a participación destes dificilmente se conseguirá unha mocidade mellor formada no que se refire ó eido tecnolóxico.

A web www.edu.xunta.es ábrese como unha estancia con diversas portas ás que podemos petar, dependendo do grupo ó que pertencemos e da información que esteamos a procurar. Estas portas son: Consellería, Profesorado, Alumnos, Familias, Centros e Empresas. Cada un destes apartados é –por así dicilo– unha maneira de evitar que o usuario se perda e afogue entre a marea de información.

É, polo tanto, unha achega de orde. Sen lugar a dúbidas, un dos puntos máis salientables da web (e, a fin de contas, un dos porqués deste artigo) é o xornal educativo (*O Diario da Escola*), unha sección

onde se dá conta de tódolos artigos publicados nos diferentes centros educativos de Galiza ó longo do ano, por mestres e polos propios alumnos. Neste intre fica accesible na páxina web a edición lanzada en setembro de 2006, onde podemos atopar información sobre temas como 2006: *O Ano da Memoria*, *A Antártida*, *A Festa do Samaín*, *A orixe dos números*, *Apicultura na escola*, *O Cambio Climático* ou o *Protocolo de Kioto*.

E podemos ve-lo acceso ó xornal na pantalla de inicio.

Ademais, a web da Consellería de Educación preséntase como o un dos medios máis axeitados para acceder ós diferentes espazos na Rede dos centros de educación galegos, xa que cómpre ter en conta que ir procurando un por un nos buscadores ben podería ser un traballo para desenvolver en varios días e varias noites. A isto hai que engadir outro dos servizos máis empregados da páxina polo que ten de ferramenta de primeira orde no estudo dentro e fóra da casa: o dicionario. O portal recolle dous dicionarios: o da Real Academia Galega, que vén avalado por esta institución, e un dicionario pedagóxico con termos específicos.

Xogos para tódalas idades e (entre eles) a aventura de Keco

Xa que tamén se aprende e se ensina xogando (e se xoga aprendendo e ensinando), Educación ten habilitada na súa web unha sección de xogos para rapaces de tódalas idades, profesores e mesmo para as familias. Este apartado, que é un dos máis visitados a día de hoxe, ten unha ampla listaxe de posibilidades e de cuestións a tratar por medio do xogo, entre as que atopamos: (para Educación Infantil) coñecemento do medio físico e social, identidade e autonomía persoal e tódalas materias de ciencias e letras que se imparten en Primaria, ESO,

Bacharelato e FP.

Nesta liña de aprender mediante a interactividade é onde se sitúa *Keco e a busca do ecopanda*, que é un xogo recentemente presentado e que tira rendemento das vantaxes do virtual e do concepto “en liña” para axudar ós rapaces a gañar conciencia ambiental por medio dunha tarefa ben sinxela e que (todo hai que dicilo) aínda non levamos a cabo coa frecuencia axeitada: a reciclaxe. Ó xogo, que foi lanzado hai unhas semanas pola Consellería de Educación e a de Medio Ambiente, podemos acceder a través da web da primeira. Pódese atopar aquí:

www.edu.xunta.es/ecopanda

O fío argumental do xogo desenvólvese na Illa de Ons, que é onde ten a sede a FLR, a Fundación para a Limpeza e a Reciclaxe, que ten no anonimato unha das súas principais bazas. Dende esta illa galega, a devandita organización non governamental dedícase –como o seu propio nome indica– a procurar un mundo máis limpo e máis respectuoso co medio, e farao coa axuda dos rapaces e rapazas que integran a *ecopanda*. O xogo, que vén acompañado dunha campaña nos colexios a prol do consumo sostible, as enerxías renovables e a conservación da natureza, vai destinado sobre todo a rapaces de entre 8 e 15 anos. O único requisito que se pide para participar no xogo e entrar a formar parte da *ecopanda* é constituír equipos de cinco alumnos cun mestre, con dúas categorías de idade: de 8 a 11 anos e de 12 a 15. A campaña ficará activa até finais de 2006.

Plan Valora: un blog para a democracia www.edu.xunta.es/valora

Unha das últimas incorporacións á web da Consellería e das que máis se ten falado nos meses máis recentes é a sección referente ó Plan Valora, iniciativa nova que representa a liña argumental do Goberno en materia de educación, unha liña que pasa por converter ós centros educativos en piares dos valores democráticos: responsabilidade, xustiza, diálogo, solidariedade, paz, cooperación ou protección da natureza, entre outros. A web do Plan Valora (inserida como dixemos na de Educación) ten feita de blog e inclúe información sobre as convocatorias de premios e proxectos do Plan, congresos, cursos, experiencias educativas e materiais informativos. A sección tamén está constituída como unha porta de entrada cara outros recursos semellantes e que participen do mesmo espírito de compromiso social e valores democráticos: actividades relacionadas coa natureza (hai moitas ligazóns a colectivos ecoloxistas de todo o mundo), encontros interculturais, programas de educación viaria e de fomento da lectura ou iniciativas de consumo enerxético responsable. O blog, segundo indica Educación, está feito para que participe toda a comunidade educativa, xa que esa é a clave para convertelo nunha ferramenta útil.

Unha forma coma outra calquera de aprender... interactuando

Facemos un percorrido polos servizos web da Consellería de Educación

Meniños presenta unha páxina para reforzar o coñecemento dos dereitos dos cativos



Coincidindo co Día Internacional dos Dereitos da Infancia (este luns 20 de novembro), a Consellería de Educación organizou un acto conmemorativo en Santiago no que, entre outros proxectos diversos, presentáronse os da Fundación Meniños para este ano 2006 e comezos do seguinte. Amais dunha boa listaxe de iniciativas encamiñadas a asegurar os dereitos dos cativos no real, esta organización galega sen ánimo de lucro incluíu no seu programa –como vén sendo costume– outras actividades a desenvolver no virtual, por considerar que a Rede é un dos xeitos máis eficaces de conseguir que os nenos saiban en todo momento cales son os seus dereitos e a onde deben acudir para reclamálos. A este último “pau” de actividades virtuais pertence precisamente o portal educativo *O mundo de Milu*, unha web de uso doado que ten o seguinte obxectivo: facer que a mensaxes da organización chegue máis e mellor, sen que nada a entorpeza. E cal é esa mensaxe? Pois a devandita: os nenos e nenas teñen os seus dereitos e deben coñecelos, dereitos como a vivir en familia e na responsabilidade. A web está dirixida sobre todo a cativos e cativas de Primaria, mais tamén inclúe espazos divulgativos para adultos. Conta ademais co apoio da Consellería de Educación, Vicepresidencia e Cooperación Galega.

www.mundodemilu.org

www.meniños.org Ligazón da presentación: <http://novas.xunta.es/node/3911>

Dúas alumnas do Instituto Rosalía de Castro, vencedoras no Certamen de Jóvenes Investigadores


Alba Velo e María Viñal, dúas alumnas do Instituto de Ensinanza Secundaria (IES) Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, veñen de ser galardoadas co primeiro e segundo premio (respectivamente) na XIX edición do *Certamen de Jóvenes Investigadores*, que este ano contou coa participación de 160 alumnos de todo o Estado.

O concurso, organizado conxuntamente polos Ministerios de Traballo e Asuntos Sociais e de Educación y Ciencia, pretende espertar vocacións investigadoras entre os estudantes de entre 15 e 20 anos e na presente edición contou cunha dotación de 5.000 euros para a primeira clasificada, Alba Velo, polo seu traballo *Veo, veo...¿cómo ven?*, que analiza a visión en distintos animais e cunha estancia de dúas semanas nun centro de investigación do CSIC, para a segunda clasificada, María Viñal, polo seu traballo *La clonación: un arma de doble filo*, presentado dentro da área de Ciencias Sociais e Xurídicas. A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón foi a encargada de entregar os galardóns ás dúas mozas e destacou o importante papel do alumnado galego no futuro da investigación, polo que animou ós formadores a seguir traballando pola ciencia dende tódalas etapas educativas e, en especial, dende o ensino medio. Sánchez Piñón tamén fixo referencia ó protagonismo que está adquirindo o papel da muller na comunidade científica, unha situación impensable ata hai poucos anos, cando a muller tiña enormes dificultades para que lle fosen recoñecidos os seus logros. Hoxe en día, segundo datos da oficina estatística comunitaria Eurostar, o 38,8% dos científicos e enxeñeiros que traballan en España son mulleres; unha porcentaxe superior á media europea, que se sitúa no 29%.



O xogo Keco e a busca da ecopanda vai destinado a formar ós rapaces na conservación do medio.

Windows Vista: a piques de chegar ás nosas pantallas



A barra de inicio permite ver miniaturas das aplicacións abertas.

REDACCIÓN

Cando falábase de Windows normalmente había que especificar entre Windows 98, Windows Millennium e Windows 2000, pero o Windows XP chegou para unificar todo ese *maremagnum* de versións e xa leva connosco 5 anos, de xeito que xa se converteu no estándar nos escritorios informáticos. Despois de todo ese tempo, moitas aplicacións se foron actualizando e integrando nos escritorios, polo que Microsoft ten agora unha boa ocasión para revitalizar o sector coa finalización do proxecto Longhorn que nos dará unha nova versión do seu sistema operativo: o Windows Vista.

Novidades

A nova versión de Windows non só incluíra versións actualizadas dos Windows Media Player e do Internet Explorer, senón que será unha

transformación máis profunda, que por unha parte afectará á interface de uso e, por outra, cambiará os compoñentes máis internos do sistema operativo para mellorar a súa seguridade e as súas prestacións. A nova interface mellora a experiencia de uso, de xeito que se centra nos contidos, e facilita o acceso á información no noso ordenador, pois, entre outras cousas, o Menú de Inicio integra un buscador de Escritorio que resulta sumamente útil, servindo tamén para acceder de xeito máis rápido ós nosos programas. Os exploradores tamén melloran, amosando miniaturas da meirande parte de documentos, polo que é máis doado identificar os nosos ficheiros, de xeito que un documento de texto en Word non amosará unha icona do programa de Microsoft senón que presentará unha versión reducida do texto escrito, o que resulta moito máis intuitivo. Tamén está presente un sistema de busca rápida. Pero a interface en xeral tamén se ve radicalmente cambiada, de xeito que se incorpora Windows Aero, que se adapta ó equipo no que temos instalado o sistema operativo, de xeito que en ordenadores básicos conserva unha aparencia semellante a Windows XP, mentres que en sistemas máis avanzados permite



Vista inclúe un Dashboard no escritorio e amosa miniaturas dos documentos co seu contido real.

mellorar a aparencia mediante efectos tridimensionais e unha sofisticación visual maior, que fai máis doado o uso do ordenador. Precisamente para facer máis doado o uso de programas, para pasar dunha aplicación aberta a outra temos varias opcións como son a propia barra de tarefas para ver miniaturas das fiestras (o que nos dá unha mellor idea do programa ó que queremos cambiar) e os sistemas Flip (que permite pasar dun programa a outro mediante a tradicional combinación de teclas ALT+TAB) ou Flip 3D (que permite ver de xeito tridimensional as aplicacións abertas movéndose entre as mesmas coa roda de desprazamento do rato). Pero estamos a falar só dos cambios máis evidentes, mentres que hai detalles máis concretos como son que as fiestras se debuxan mediante gráficos vectoriais (o que permite unha calidade maior en pantallas de alta resolución), inclúe unha API antivirus (mellorando a seguridade informática), permite gravar discos DVD sen programas adicionais, incorpora o navegador



O Windows Vista é a porta de entrada do Windows Media Player 11.


Internet Explorer 7.0, inclúe un lector de fluxos RSS, inclúe un sistema contra os programas espía (Windows Defender), engade unha devasa (firewall) moi superior á súa predecesora en Windows XP, incorpora o programa Media Center (que axuda a conformar un fogar multimedia dixital), agrega ó Escritorio unha Barra Lateral á que se poden incorporar pequenas aplicacións coñecidas como *gadgets*, incluírase o Windows Media Player 11 (aínda que podería non estar instalado por defecto nas versións europeas do sistema) e mellora o seu sistema de pro-

Vista é a capacidade precisa para o seu correcto funcionamento e así, mentres que se fala que para funcionar necesitaría un equipo con 512 Mb de RAM e unha tarxeta gráfica compatible con DirectX 9, recoméndase un equipo con 1 Gb de RAM e unha tarxeta gráfica compatible con Windows Aero e un mínimo de memoria propia de 128 Mb de RAM, aínda que os usuarios que estean algo perdidos con estes termos o mellor que poden facer e probar no seu equipo o Windows Vista Upgrade Advisor, que é unha aplicación que analiza o noso ordenador actual para ver se pode funcionar correctamente con Vista. Dende distintas webs e revistas se apunta a que o sistema Windows Aero é moi esixente no tocante ó hardware, algo rebatido por Carlos de la Iglesia, director de comunicación de Microsoft Ibérica, que nos demostrou no seu propio ordenador portátil (que contaba cunha tarxeta de vídeo con 128 Mb de memoria e non os 512 Mb que algúns sosteñen que son precisos para empregar Aero) cómo era posible sacar proveito de Windows Vista nun equipo que poderíamos considerar como un estándar na actualidade. Teríamos así que o principal problema para que Vista funcione correctamente podería estar nos controladores do hardware, aínda que podemos avisar de que Vista conta con case o dobre de controladores precargados que Windows XP, de xeito que en poucos meses é de agardar que a meirande parte dos dispositivos que hai no mercado estean xa adaptados correctamente ó Windows Vista que chegará ó mercado español o 30 de xaneiro.


tección contra as copias piratas. Ademais, o novo sistema operativo tamén mellora o seu rendemento, de xeito que segundo Microsoft cargaría as súas aplicacións un 15% máis rápido, inciaríase un 50%, podería entrar en modo de suspensión en 2 segundos e poderían instalarse en só 15 minutos.

Requisitos

O apartado máis polémico de



Windows Vista emprega o sistema Flip 3D para pasar dunha aplicación a outra.



Windows Vista inclúe un buscador de escritorio no Menú de Inicio.

-Por que cree que a administración pública debe apostar polo software libre?

-As institucións públicas, tamén as administracións locais, deben posicionarse de xeito contundente e firme a favor dos estándares abertos, a accesibilidade e a interoperatividade entre sistemas. Quen responde, sen escusas a todas estas condicións, é o software libre. A verdadeira "neutralidade tecnolóxica", que dende o punto de vista público representa ser neutral e non posicionarse fronte a unha oferta, asegurará os estándares abertos, recoñecidos internacionalmente, e é garantía para os usuarios e os desenvolvedores.

-O avance, neste eido, irá da man da empresa pública ou privada?

-Irá da man do sector público e privado. O papel motor da Administración é evidente en tratar de xerar o proceso de adopción. E, malia que a verdadeira implantación e emprego sairá á luz pola súa propia eficiencia, e por iso é moi importante que existan os casos de éxito que o popularicen. A empresa privada afarase ó software libre con argumentos técnicos, que amosen robustez, aforro e outras razóns tanxibles. O sector privado tamén inclúe o papel do sector TIC, que ten que medrar e ser quen de dar servizos e provisión a unhas novas demandas e necesidades.

-E respecto ós contidos?

-As administracións tamén deben traballar para ofrecer a información baixo licenzas abertas de acceso, como as licenzas Creative Commons. Teñen especial senso polo feito de tratarse de contidos que foron costeados con fondos públicos e é unha responsabilidade garantir nun futuro o acceso aberto á información e á cultura. Nesta situación tamén se atopan aqueles contidos creados nos escenarios das universidades que non poden estar baixo pecho e nalgúns casos en sistemas que non aseguran a súa supervivencia. É importante avanzar en modelos e novas experiencias que acheguen elementos atractivos e de negocio arredor de propostas abertas sobre contidos de gran demanda como os audiovisuais.

-Como cree que un goberno debe contribuír a que diminúa a divisoria ou estratificación dixital?

-A evolución dos contidos e servizos da Sociedade da Información non é garantía do seu aproveitamento para toda a cidadanía. Difundir os beneficios que as TIC poden fornecer á calidade de vida das persoas ou á actividade empresarial é un xeito de avanzar na cohesión dixital. A formación é un aspecto prioritario



Oriol Ferrán, nunha imaxe pendurada na web do Centro de Supercomputació de Catalunya (www.cesca.es)

que debe ir acompañado dunha extensa área de dinamización.

-Wikis, blogs... son algunhas das ferramentas que os usuarios foron desenvolvendo en Internet nos últimos anos. Que papel cree que xogan entre os cidadáns máis e menos activos dunha sociedade?

-Trátase dunha nova oportunidade que creo que soubemos aproveitar, daquela Rede social e máis colectiva dos inicios. Aquela Internet que semellaba a piques de ser asolagada pola burbulla tecnolóxica e o boom das puntocom. Volveron abrollar novos espazos e ferramentas de publicación e o gusto por pasear pola Rede e publicar contidos; agora xa non só en texto, senón tamén fotografías e vídeos, e non necesariamente dende o computador, xa que o móbil permite facelo dende calquera lugar. O nivel de actividade non creo que sexa motivo de fractura. Do mesmo xeito que nas comunidades reais houbo niveis diferentes de actividade: nin todo o mundo mandaba cartas ó director, nin tódolos mozos poñían todo o propio de seu no caderno persoal. O importante é que se coñezan as ferramentas, as redes, que cada un escolla e atope o seu espazo.

-Nos últimos anos estase a falar da participación cidadá a través dos novos medios, feito que acurtaría a distancia entre estes e os seus representantes políticos. Fronte a teses optimistas están outras pesimistas, en que ángulo se sitúa a súa opinión?

-Teño que amosarme optimista. Do mesmo xeito que a relación entre os cidadáns e a Administración converteuse nun dos principais motores da implantación da Sociedade da Información, será a mellora dos servizos públicos e a relación cos representantes políticos un dos aspectos que xerará confianza respecto ós beneficios que poidan achegar as TIC. Neste caso, non se tratará só de dixitalizar procesos e transaccións

senón tamén de avanzar en novas fórmulas de relación que favorezan a interactividade coas persoas. Ferramentas xa comprobamos que non faltarán. No último aspecto, será o cambio mental dos propios políticos e o desenvolvemento de innovadoras fórmulas de participación e até de representación cidadá.

-Xornalistas e Internet, que papel deben desempeñar os medios de comunicación para fomentar a sociedade do coñecemento aberto?

-Entendo que son os principios interesados. O concepto "aberto" non vai enfrontado a que non exista modelo de negocio. As experiencias dos últimos anos de medios que pecharon os seus contidos non avanzaron. Seguro que hai máis modelos de éxito con solucións abertas e colaborativas. Está claro que é diferente o papel da empresa á do xornalista. Respecto ó xornalista e ó coñecemento aberto, é equivalente ó autor que, sobre todo, procura a proxección do seu traballo. A liberdade de acceso á información está recoñecida como un dereito cidadán e o acceso libre ó coñecemento é outro dereito que se debe entender como fundamental.

-Vostede forma parte do Comité de Honra da terceira edición do Congreso Online do Observatorio para a Cibersociedade. Que lle suxire o título do evento "Coñecemento aberto, Sociedade libre"?

-Un dos temas de debate máis apaixonantes neste intre. É atractivo que se proponha como pregunta. Estou convencido de que a garantía do acceso aberto á información e á cultura é un elemento indispensable para conseguir unha nova sociedade, baseada na información e no coñecemento, que sexa máis xusta, cohesionada, sostible e, sobre todo, máis libre.

-Como cree que estes encontros inflúen no desenvolvemento da investigación da Sociedade da Coñecemento dentro e fóra de España?

-O alto nivel de participación dunha tipoloxía de investigadores, un pouco rara avis, xa é de por si un feito destacado. Durante unhas semanas prodúcese unha gran interconexión de redes e pensamento. Este tipo de convocatorias e debates dificilmente terán efectos inmediatos, a curto prazo, pero crean un alicerce que está a axudar a definir os novos modelos da Sociedade do Coñecemento. A orientación e conclusións dos congresos anteriores eran un anuncio do que acontecía ou ía a acontecer. Unha boa guía, para quen quixera escoitar, sobre cara a onde orientar as súas políticas.

"As administracións deben traballar para ofrecer os contidos baixo licenzas abertas co fin de garantir o acceso á información e á cultura"

Entrevistamos a Oriol Ferrán i Riera, un dos principais valedores do software libre no sector público a nivel español e que participa no Congreso Online da Cibersociedade que fica aberto até o 3 de decembro

Foi Secretario de Telecomunicacións e Sociedade da Información do Departamento de Universidades, Investigación e Sociedade da Información da Generalitat de Cataluña e un dos promotores do software libre nas institucións públicas. Ferrán celebrou con Elena Veiguela (directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información), unha reunión na que se formalizou a incorporación da Xunta á Rede Internacional das Administracións Públicas polo Software Libre. Xornalista especializado nas tecnoloxías da información, participou en varios proxectos de Internet sen fíos. Ademais, impulsou unha das primeiras comunidades dixitais de Cataluña, Arenys.org. Nestes intres, Oriol Ferrán forma parte do Comité de Honor del terceiro Congreso Online da Cibersociedade que se inaugurou o pasado 20 de novembro coa participación duns 5.000 participantes de África, Estados Unidos, América Latina e Europa e rematará o vindeiro 3 de decembro.

Ligazón do Congreso: www.cibersociedad.net.

Cultura para asubiar e coas mans nos petos

Os internautas comezan a propor remedios para ir ó cine, ler libros ou escoitar música sen que estas prácticas rematen en novos casos de ruína doméstica

F.S.



Non é casualidade que os libros estean catalogados como obxectos de luxo.

A cultura está en xeral situada en andeis dos que nos separan vidros de vinte centímetros de grosor. Vale: están as bibliotecas, pero non é o mesmo fomentar a lectura obrigando a ir á xente a eses espazos que traerlla ó fogar e abri-las as páxinas fronte os ollos. E por outra banda: por que os pobres non poden ter no fogar o novo Premio Planeta e os máis acomodados no económico si que poden? Será que o Círculo de Lectores só publica poesía para a alta sociedade? E logo está a cuestión da música, dos CDs e dos concertos. En fin, que para ir a unha actuación dun grupo supostamente independente na túa cidade é mellor que esquezas gastar menos de 20 euros. Non nos enganemos: hoxe en día gran parte da cultura e do lecer semella deseñada, envolta e presentada para quen leva fibelas de ouro, chofer e traxes de Armani. Unha tolemia, ou non? Mais, todo hai que dicilo, hai unha importante porcentaxe de artistas, creadores en xeral e mesmo empresarios que non miden o éxito pola cantidade de xoias que se moven na platea á hora dos aplausos (John Lennon fixo boas brincadeiras sobre o tema). É dese tipo de manifestacións de baixo custo pero xeralmente de alta intensidade do que falamos a continuación.

www.sindinero.org

Foi Berto de Chuza! quen nos fixo descubrir esta web, unha das máis interesantes das moitas que visitamos nos últimos meses. Teña ou non vocación comercial (cremos que non), o caso é que semella máis

un favor feito ós internautas afíns ca un xeito oblicuo de meterlles a man no peto. O obxectivo da web é este: rexistrar a información sobre actividades culturais ou formativas de baixo prezo ou de balde que hai en Internet para aglutinalo todo nun único taboleiro, o que constitúe precisamente a páxina Sindinero. En realidade, o nome da web xa fala por si mesma: estamos a falar dunha ferramenta que nos axuda a pasa-lo menos posible por caixa, a entrar e saír de museos, centros de cultura, comercios e academias asubindo e coas mans nos petos. O malo de todo isto é que o servizo unicamente opera na Comunidade de Madrid, pola imposibilidade dos seus responsables de procurar e recoller información de todo o Estado. Mais, non sería estupendo algo da maneira en Galiza? Por debaixo da web flúe unha liña ideolóxica ben definida, unha liña anti-consumismo compulsivo directamente oposta á que subxace debaixo do extra planificado deseño dos centros comerciais (onde o exceso de luz e a disposición dos andeis nunca é casual), dos itinerarios turísticos de luxo en países do terceiro mundo ou das horas empregadas

Hai unha importante porcentaxe de artistas, creadores en xeral e mesmo empresarios que non miden o éxito pola cantidade de xoias que se moven na platea á hora dos aplausos.

en estudar polo miúdo os folletos de Ikea. Na web, ademais, non só se informa de concertos e actividades culturais, senón tamén de actividades educativas e formativas de baixo prezo ou de balde, de troques (nesta web reivindicase a volta ó intercambio de cousas e sen necesidade de ficar á espera dunha crise económica como a de Arxentina) ou mesmo de viaxes. En realidade, este último é un dos puntos máis interesantes, xa que o modelo de sociedade de hoxe en día, sobre todo por razóns de tipo comercial, impón como dogma de fe que non haxa máis viaxes gratis ou de baixo prezo que as dos peregrinos ou as dos vagabundos (nin sequera irse ó



Música para a policía, visto en <http://www.flickr.com/photos/activefree>.

outro mundo é de balde). O caso é que viaxar pola cara é posible, como ben nos lembra este sitio, e o único requisito que se pide é deixar atrás certos “prexuízos” e renunciar ó turismo imposto durante anos pola sociedade consumista, aquel no que se amosan ruíns as sociedades desenvolvidas perante as menos favorecidas. A través de Sindinero.org puidemos saber da existencia de www.hospitalityclub.org (onde membros do Club de Hospitalidad se axudan uns ós outros cando viaxan), www.servas.org (ONG constituída por anfitrións e viaxeiros de todo mundo) ou www.welcometraveller.org. En moitas destas comunidades, como a do Voluntariado en Ecosalvia (Pirineo Catalá), poderemos obter estancia, comida e aprendizaxe grazas ó noso traballo. A esta comunidade poderemos acceder en www.ecoaldea.com/ecosalvia.htm #Voluntariado.

Proposta galega?

A rede galega semella ser un bo caldo de cultivo para a aparición dunha web que vaia na mesma liña que Sindinero.org. Os requisitos cúmprense abondo, xa que hai unha comunidade internauta puxante, de intereses comúns e en contacto de xeito permanente. Ademais, unha boa porcentaxe destes usuarios circulan dende hai tempo no mesmo medio de transporte: o da cultura libre. De feito, en Chuza! (que funciona ás veces coma un banco no parque onde reunirse no virtual) xa hai propostas como a de Birnarem para levar adiante unha iniciativa como a de Sindinero ou semellante. Igualmente, valorouse os días pasados a comenencia ou non de seguir o ronsel de www.yomango.net, web que cómpre visitar aínda que non se estea de acordo con todo o que alí se conta e que, como o seu propio nome indica ben, defende un xeito alternativo de adquisición de tanxibles e intanxibles: aquel que fai necesario o uso de chaquetas folgadas e calzado para correr.

www.alifa.org

Detrás desta web está a Asociación Cultural M.A.L., colectivo que ten especial interese en vivificar o panorama cultural español e sen que os principais beneficiarios, habitantes do mundo que teñen o “vicio” de ir a concertos e outras xuntanzas de semellante índole, se teñan que ver reducidos a traballar

horas extra para conseguir entradas. Entre outras cousas, a asociación é responsable de organizar o *Festival de Cultura Libre – Te Pica La Barba* en Motril, onde se dan cita agrupacións copyleft e actividades paralelas como teatro, exposicións abertas ou xogos malabares. O caso é que a web Alifa non só se dedica a dar conta destes acontecementos senón tamén doutros de semellante catadura: concertos de grupos *copyleft*, sitios onde baixar de balde os seus traballos, guías sobre cultura libre descargables, curtas ou libros. A asociación tamén aproveita a súa páxina para refrescarnos a memoria sobre o que significa a cultura libre e máis concretamente o *copyleft*, conceptos que, en contra do que moita xente cre, non significan a supresión total dos dereitos de autor, que en realidade fican intactos no que atinxe á autoría ou á protección fronte o afán de lucro de terceiros. O que si que permite é a copia, a tradución ou a modificación para crear outra obra ou mellorar o orixinal.

www.bookcrossing.com

Vale: a web que aglutina dalgún xeito e a nivel mundial a práctica do *bookcrossing* non é por natureza un sitio especialmente deseñado para abaratarnos o acceso á cultura, mais é unha especie de acougo para quen teña pesadelos con: 1º Libros en edicións de luxo sobre temas sen transcendencia; 2º Altas columnas de volumes en pasta ben grosa que se convierten nun problema á hora da mudanza e 3º Non ter acceso á mellor literatura porque non tivestes ocasión de que che aconsellaran. En realidade, podería haber máis puntos, pero abundan para introducirmos no *bookcrossing*, que é un sistema ceibe de intercambio de libros e, a maiores, de desenvolvemento de actividades sobre a literatura. Máis polo miúdo, esta práctica (que nestes últimos anos espertou o interese de moitos lectores galegos, actuando Ourense e os seareiros literarios do pub Dickens como porta de entrada), consiste en permitir que os teus libros viaxen polo mundo de man en man, asumindo ti tamén papel de receptor dos libros de outros. Galiza é especialmente activa neste senso, e na devandita web hai completa información por cidades das obras que fican dispoñibles e á espera de vir connosco para logo ser ceibadas de novo.

A Cidade Perdida: un proxecto web e audiovisual para que o Vigo do pasado siga en pe

Internet é coma o sitio onde imos facer preguntas e onde agardamos que alguén nos conteste, logo de deixalas aí para que (quen sabe) xermolen ou reverdezan e vixiándose de cando en vez e coa esperanza de atopar claves para unha sociedade máis xusta. Da longa listaxe de causas máis ou menos perdidas polas que pelexamos perante a pantalla, hai algunhas que nos tocan moi preto e nesta liña insírese un compromiso que se tivese representación física sería a dun galego pegándolle cun paraugas a unha escavadora (ou mesmo un panel informando dun complexo residencial inminente servindo de tendal da roupa). Falamos da loita a prol da conservación da arquitectura do pasado, patrimonio que, coma a mesma paisaxe galega semella en proceso de *vampirización*. O caso é que o proxecto do que falamos agora, *Acidadeperdida.org*, ofrece na súa web unha proposta visual máis axeitada ca calquera das devanditas máis arriba, sobre todo por que é real: o recinto dunha vella factoría de Vigo acompañado dun cartel de Macdonald's que sinala (coma un afinar de maquinaria pesada) un futuro emprazamento. Este máis ca inminente arrecendo a hamburguesas que substitúe ós vellos usos da industria galega é só unha parte ou (por dicilo así) un símbolo do que significa este proxecto. En realidade, a web acompáñase dun filme documental, *A cidade perdida* (que se presentou hai uns días), e ámbalas dúas iniciativas tratan sobre o patrimonio arquitectónico esquecido da cidade de Vigo, como tamén o fai o blog *Panificadora Amputada*, que é outra extremidade do proxecto e que reivindica o valor histórico e urbanístico de enclaves fabrís como a Panificadora, a Metalurxia ou a Fábrica de Almacenaxe de Santa Clara. Igualmente, a web *Acidadeperdida.org* inclúe foros e mesmo un espazo para achegar sinaturas a prol da conservación destes espazos en Vigo, que son moito máis importantes do que unha boa parte da sociedade galega considera, e que –tanto no caso dos espazos industriais como no das vivendas– recibiu influencias directas de tódalas vangardas artísticas de finais do século XIX e principios do XX. O proxecto, que constitúe unha nova mostra de compromiso e loita a través da Rede e a expresión audiovisual (neste caso, en contra da deixadez do Concello e o “concello” mesmo de Vigo), está a ser desenvolvido por Miguel A. Romero (director) Beatriz Vázquez, Natalia Morales e Celso Ferreira.

Fonte: Chuza! (www.chuza.org)
<http://www.acidadeperdida.org/>
<http://panificadoraamputada.blogspot.com/>



Imaxe de presentación da web A Cidade Perdida

Arquitecturagalega.net: suma e segue achegando claves para construír hoxe ollando (ben) cara ó pasado

Arquitecturagalega.net, un proxecto web que é unha homenaxe a tódolos bos froitos que deu a tradición construtora da nosa terra, segue adiante na súa andaina (ou teima) reivindicativa, da man do noso colaborador Xavier Feixoo, que entre promover os valores do Concello de Sandiás e presentar alternativas de lecer vencelladas á Rede (coma o *tour irmandiño* elaborado man a man co Consello da Cultura Galega) tamén ten tempo para lembrar a quen corresponda que hai moitos anos só construía edificios quen sabía de verdade de edificios, e hoxe en día érguense galpóns de obras provisionais... e logo resulta que son as vivendas mesmas. Ironías aparte, o caso é que Feixoo segue a alimentar un banco de imaxes en liña sobre arquitectura popular galega, iniciativa na que participa tamén Xosé Antonio Cidre, responsable da web. E aliméntao estes días con feitura de blog, incluíndo apartados tan arrepiantes como a comparativa do “antes” e o “despois” da arquitectura de Vigo (chámase *Realmente evolucionamos?*) e que podemos ver aquí:

<http://www.arquitecturagalega.net/novaweb/content/view/59/>.

Igualmente, e xa que falamos de cousas novas que se venden mellores que as antigas e logo non son tal (senón moito peores), atopamos na web unha sección chamada *Arquitectura Destrutiva* na que se convida á comunidade internauta a dar conta das prácticas que están a estragar actualmente a paisaxe galega, coma se dun foro de denuncia anti-destrutiva se tratase.

Na páxina tamén atopamos imaxes de casas antigas, pazos, factorías, capelas, fornos, reitorais, ferrerías pombais de tódolos currunchos de Galicia, pero principalmente do eido rural, xa que aí se conservan en bo estado algúns dos mellores exemplos de arquitectura popular. A tendencia deste banco de imaxes, que é unha especie de museo de símbolos construtivos de Galiza, é a de recibir incorporacións novas a cada momento, e conta ademais co engadido de vir acompañado dunha colección de fondos de escritorio e de imaxes de arquitectura

confortable dunha cidade onde non todo o mundo agarda atopala: Vigo. Cómpre salientar que *Arquitecturagalega.net* é un proxecto nado no 1997 onde dende o principio se traballou a prol de dar a coñecer á maior cantidade de xente posible un xeito de facer arquitectura, o estilo galego, que, dalgunha maneira, leva anos sendo atacado polo “feísmo”, a modernidade mal entendida e a especulación.

Ligazóns

www.arquitecturagalega.net

www.concellodesandias.com

O *tour irmandiño*: http://www.culturagalega.org/temadia_arquivo.php?id=8481

O Consello da Cultura Galega, aprendéndonos a fitar no inadvertido www.consellodacultura.org

O Consello da Cultura Galega convídanos dende a súa páxina a ollar e valorar o que hai de bo na arquitectura da nosa terra, e até facendo que descubramos obras de interese alí onde so agardabamos atopar simples amoreamentos de formigón. Podemos ver aquí o especial das xornadas *Arquitectura e Identidade Cultural*: www.consellodacultura.org/identidade/index.php

A prol dunha arquitectura razoable

Ós galegos xa hai tempo que nos preocupa unha cuestión, só que agora coa chegada de Internet semella que damos máis renda solta a esa teima, e procuramos a xente que sinta exactamente o mesmo pulo e polas mesmas causas. A cuestión á que nos referimos é a seguinte: por que se ten substituído e se substitúe na nosa terra a arquitectura que non era boa nin mala por outra que tampouco semella nin boa nin mala? *Facía falla? De verdade que vai dar máis beneficio a Galiza un campo de golf cá posta en valor dunha aldea deshabitada? Na Internet galega as voces “disidentes” trazan cada vez máis fíos invisibles. E un fío, ben tensado, pode até impedir a caída das propias pedras. Facemos un pequeno repaso.*

Neste apartado, a Sección de Arquitectura do CCG distribúe en arquivos pdf diversas documentacións xeradas nas devanditas xuntanzas, onde se reflexiona sobre a arte construtiva de diferentes territorios españois e portugueses de significación cultural.

Asemade, o CCG inclúe estes días na web unha colección descargable de carteis sobre algúns dos arquitectos galegos máis salientables do século XX, contribuíndo así a dar a coñecer este “rico patrimonio”, ó mesmo tempo que se ofrece un percorrido pola obra de cada un dos artistas. Entre estes atopamos a Alejandro de la Sota, Xosé Bar Boo, Andrés Fernández-Albalat ou os máis recentes César Portela e Manuel Gallego, entre outros. Podemos velo en www.consellodacultura.org/arquitectos/.



Unha das comparativas antes e despois de Vigo

Ábrete de orellas

Entrevistamos ó equipo de mozos galegos responsable da posta en marcha do proxecto Escoitar.org, unha iniciativa que, entre outras cousas, dedícase a axudarnos superar a nosa xordeira de séculos a deixar na Rede e para a posteridade, o son da nosa vida: o leste e o oeste, o silencio do bosque, o tren que transcorre lentamente na curva, o rincho da cancela

REDACCIÓN

Galiza é voz, lingua, relatos que as avoas contan ós nenos, pinga de auga nunha fonte, palabras das que nunca escoitaches falar porque nunca antes apareceron nos libros, son da fervenza. Facer un futuro para Galiza non só é crear industria senón tamén evitar que se perdan, por exemplo, os vinte termos que designan os diferentes tipos de salgueiro. Mais, se xa o propio feito de documentar para a historia os nosos sons é positivo, que non será se facemos que eses documentos estean ó alcance de todos en calquera intre e con datos precisos sobre o lugar de onde xurdiron? Ese é o alicerce de Escoitar.org, un proxecto web galego certamente salientable e, sobre todo, necesario, se temos en conta que para unha boa parte dos habitantes urbanos destas catro provincias o que está alén do círculo de influencia das súas cidades xa non existe: é a nada. O proxecto vai orientado a facernos descubrir os sons como patrimonio, situándoos xeograficamente coa axuda dos Googlemaps. Na web Escoitar.org atopamos a disposición dos usuarios unha modificación do Loudblog (ferramenta para a publicación de documentos sonoros na Rede), traballo abordado co fin de que integrase os devanditos mapas de Google e



Gravando sons na lagoa de Xuño.

asociase coordenadas específicas ós sons. Sinalar que detrás desta iniciativa está unha comunidade en rede aberta, estando o equipo principal de traballo integrado por Berio Molina (artista sonoro), Chiu Longina (coordinador e antropólogo), Horacio González (artista e programador), Julio Gómez (especialista en músicas populares) e Juan Gil Rordíguez (responsable da tradución dos textos e musicólogo).

Ligazón: escoitar.org.

En Código Cero tivemos a sorte de comunicarnos con eles e “escoitar” as súas ideas.

Dende aquela, o son dos nosos dedos sobre o teclado xa nunca foi igual.

-Como xurdiu esta iniciativa? Imaxino que algún de vós, ou todos vós, xa erades previamente afeccionados a documentar sons e a ir polo mundo adiante cunha gravadora... non si?

(Chiu Longina)

-Xurdiu da confluencia de tres eixes enerxéticos: o colectivo SINSALaudio de Vigo que leva case dez anos traballando co son en Galiza, a Asociación Alg-a preocupada pola democratización da arte e pola necesidade de traballar para a sociedade, e a forza que empurra dende o portal artesonoro.org na Rede, que tamén administramos nós. Estas tres liñas de traballo tiñan que conectar dalgún xeito e Escoitar.org é este terreo común. Eu, por exemplo, xa levo tempo preocupado pola condición efémera do audio e si que vou por aí gravando.

(Julio Gómez)

-Documentar sons, música, música e sons ou sons e música. Creio que agora que fixemos a viaxe de volta para falar de sons, polo que a min respecta non quero acoutar a palabra “sons” cara a un espazo da natureza. Eu sigo sendo afeccionado a música, ecolóxica ou industrial, espontánea ou artificial, tonal ou aleatoria. Creio que esa foi a orixe e unha cousa foi chamando á outra: primeiro as persoas e despois os proxectos.

(Horacio González)

-Eu non! Até que coñecín a maior parte dos compoñentes da equipa fun xordo. Estaba incapacitado para escoitar a maior parte das frecuencias que me rodeaban. Un día coma outro calquera coñecín a Chiu e a Berio, e de camiño a Sevilla descubrín que medio palmo mais aló dos meus ollos tiña dous furados na cabeza. Dende entón, ben... Poño a cabeza no chan para saber cando ben o tren, fico fascinado cada vez que escoito o motor dunha neveira, e preguntome se poderei sintonizar o pulsar PSR B0329+54 na miña radio de casa.

-Cales son, brevemente, os obxectivos da vosa proposta?

(Chiu Longina)

-Até o día de hoxe, e como

dicimos na propia portada da web, pretendemos achegarnos ao noso patrimonio cultural, neste caso inmaterial, a través do son do país, percibir, comprender e concibir a nosa identidade sonora. Tamén recoller material para un posíbel estudo das formas acústicas de sociabilidade. Outro dos obxectivos é a difusión e promoción do fenómeno sonoro e a súa exploración con fins sociais e documentais. E como obxectivo principal, conseguir a participación da cidadanía para aspirar a configurar un patrimonio sonoro consensuado polos oíntes, sen afastarnos do saber, desa “Torre de Babel”, pero incluíndo a opinión dos oíntes na súa clasificación. E como obxectivos paralelos, poñer en valor o sentido do oído, conservar sons en perigo de extinción e traducir textos relacionados coa ecoloxía acústica que a día de hoxe non teñen unha versión no noso idioma.

(Julio Gómez)

-Supoño que cada un ten un obxectivo distinto. Pola miña parte máis que protexer a paisaxe creo na educación desa paisaxe. Vexo Escoitar.org como un medio para o ensino acústico que pode ser a mellor ferramenta de protección da paisaxe sonora. Aprender, educar, formar, respectar, etc.

(Horacio González)

-Este tipo de cousas fanse porque existe unha necesidade espiritual, certa clase de percepción de que fai falta crear un espazo, unha ferramenta, un lugar para algo. Neste caso o son, o son asociado ao seu contexto, un arquivo para preservar os sons e para que sexa a xente a que os preserve.

-Hai algún tipo de ingreso económico a través dela?

(Chiu Longina)

-De momento non o hai, aínda que non descartamos axudas e inxección de enerxía materializada en equipos de gravación, axudas a proxectos concretos (como o rexistro do son do Camiño de Santiago ou rutas sonoras por Galiza) ou outras axudas para a publicación en formato físico dos resultados do traballo en rede dos cidadáns. Até o momento, tratamos de subvencionar o que facemos a través dos obradoiros que imos desenvolvendo en algunhas institucións e festivais, ese foi o caso do que fixemos en Córdoba hai un tempo e do que facemos agora na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, dentro do programa do Congreso Artech2006. De momento foi o Museo MARCO de Vigo a primeira institución sensibilizada con este proxecto, e este apoio foi incluso antes de publicalo, coñecendo unicamente as nosas intencións e a traxectoria persoal dos membros, o que lle dá un valor duplo. Fáltanos, a día de hoxe, insisto, o apoio económico. No Museo MARCO fixemos un obradoiro para rexistrar o que chamaremos “Paseo Sonoro por Vigo”, dentro das actividades da

exposición “A Mostra Invisible” e fica aberto á cidadanía.

-A quen credes que pode beneficiar Escoitar.org? Á comunidade internauta? Á preservación da identidade de Galiza? A todos aqueles galegos e galegas cada vez máis abondosos que desenvolven a súa vida entre as catro paredes dunha oficina?

(Juan Gil)

-Ó tratarse dun proxecto multidisciplinar pode ser beneficioso para distintos sectores da sociedade, da arte e da cultura. Tanto os contidos teóricos como o material sonoro poden ser de grande utilidade a un nivel pedagóxico para reflexionar sobre a polución acústica, poden ser materia prima para a composición ou a creación no campo da arte e pode servir como base para presentar distintos estudos no ámbito da socioloxía, a antropoloxía, a xeografía, a historia, ou mesmo da arquitectura e o urbanismo...por citar so algúns exemplos. Aínda que unha das liñas de traballo é a recolleita de sons en “perigo de extinción” o fin non é preservar a “identidade de Galiza” xa que a identidade non é algo estático, a identidade se configura, de forma consciente ou inconsciente, nun proceso que está en constante construción. Sons que dificilmente poderían ser unha referencia cultural consensuada hoxe, en poucos anos poden pasar a ocupar un lugar importante na memoria colectiva de todos ou de boa parte dos que nos sentimos galegos, de Vigo, de Compostela, de Lugo... É un exercicio de memoria máis que unha cruzada en defensa dunha galeguidade inerte na que non cremos. Nós non ditamos o que é ser galego, algo que outros sectores si que levan facendo dende hai moito tempo, so pretendemos comprender a realidade acústica e escoitar atentamente os cambios de Galiza.

(Julio Gómez)

- Non me gustan as palabras “comunidad internauta” e aínda menos “identidade”. Os proxectos ou son abertos ou pechados e Escoitar é, en tódolos sentidos, aberto. Será o que cada visitante desexe que sexa, incluído a “identidade” claro.

(Chiu Longina)

Penso que o principal xa está dito. Eu engadiría, xa como exemplo práctico, que Galiza ten unha identidade sonora propia representada, entre outras cousas, pola nosa lingua e a súa fonética. Todos temos a experiencia de viaxar e atoparse con persoas que polo noso acento recoñecen enseguida a nosa procedencia: aquí temos un signo de identidade moi marcado polo sonoro. Parece que tras este acento se transmiten ideas como “tristura existencial”, as veces “medo a existir” e, en moitos casos, bondade e confianza/desconfianza. Parecen tópicos, pero o son das nosas palabras di moito



O equipo de escoitar, traballando.

dos nosos sentimentos. E tamén están os clásicos sons que identifican Galiza, cuxa incorporación ao imaxinario común galego ten que ver máis co pulo mediático que coa realidade. Falo do son da gaita, (máis ben do xeito de tocala), e falo tamén do son da pachanga nas verbenas. E para rematar, respecto a identidade sonora, falaría do son do mar e do silencio dos bosques, do oeste e do leste, ambos como bandas sonoras do día a día.

-Polo que puidemos ver na vosa web, tendes (como comunidade aberta que sodes) unha aplicación que achegar ó mundo, unha aplicación que é precisamente a base do voso proxecto. Podedes falarnos brevemente de escoitarGZtag?

(Horacio González)

Que ledicia! esa é a miña parte do choio, non sei por que, a xente pensa que me vou poñer a falar de bucles e variables, e ninguén quere preguntar. Software libre e galego, elaborado para dar soporte a unha idea, partindo dun programa deseñado para publicar podcast chamado Loudblog. escoitarGZtag primeiro foi un plugin despois pasou a ser un hack e finalmente acabou sendo un mashup, un remixedo, para entendérmolos. Colles un pouco de HTML, unha morea de utilidades Javascript, un xestor de contidos libre, unha api de Google chamada Google Map e enleas a alguén que saiba PHP para facer a mestura, un pouco de agarimo e... Xa esta! escoitarGZtag. Trátase dunha interfaz que lle permite a calquera usuario que pase pola nosa páxina achegar un son, ligalo a unha localización xeográfica (xeolocalización) premendo nun mapa e publicalo na Rede. É software libre e aberto, o que quere dicir que calquera persoa pode baixalo, usalo e modificalo. O que sucede é que fica en fase BETA, é dicir: en fase de probas e aínda resulta case imposible instalalo sen algo de axuda. A idea é que cando teñamos percorrido o treito que vai da versión 0.7 a 1.0 lancemos unha versión estable que sexa doada de instalar. De momento, dedicámonos a dar cursos por aí ensinando como instalalo e empregalo.

-Cal podería ser o son máis curioso que vos caeu nas mans até o de agora?

(Horacio González)

-Ningún, dado que até o de agora ninguén, agás nos mesmos, subiu sons á páxina. Veña, sorprendéndonos

(Julio Gómez)

-Estou agardando tamén por el.

(Chiu Longina)

-A min gústame moito o son das pitas dende o Salnés que subiu un rapaz que se chama Servando Barreiro. Pero tamén estou seguro de que chegarán moitas sorpresas.

-Sabédelo? Poder escoitar o mar de Muxía dende a redacción non ten prezo...

(Julio Gómez)

-Estou seguro. Por seguir na liña das respostas apuntaría: escoitar (igual que ollar), non ten prezo.


-Vemos na vosa web que unha das clasificacións de sons figura como "silencios escoitados en varios lugares". Hai de verdade diferentes tipos de silencios? Existe hoxe en día o silencio?

(Juan Gil)

-Termos como "silencio" ou mesmo "ruído" non existen de forma absoluta, son conceptos relativos. Neste sentido alguén pode percibir un ambiente como silandeiro e estar interesado en conservalo nunha gravación. En realidade, existen espazos ou intres máis ou menos silandeiros. Nun silencio absoluto escoitaríamos o funcionamento do noso propio corpo, un experimento que xa fixo John Cage a mediados do século XX. Aínda no caso de existir este silencio ideal sería imposible gravalo xa que o funcionamento da propia gravadora acabaría por rompelo. Polo tanto, deberíamos falar de "silencios subxectivos". Ese é o sentido desa categoría.

(Julio Gómez)

-Este tema sería de grande desenvolvemento. Ben, por resumir, o silencio non existe. É unha metáfora que serve para contextualizar un discurso sonoro. É coma se falásemos en matemáticas do "límite" ou o "infinito". Son ese "quilómetro cero" que nos vale como referencia para traballar sobre esta unidade de medida, pero sempre ten un significado se o asociamos a outros



sons porque, como xa dixen, o ser humano non pode vivir en silencio. Como mínimo, no caso hipotético de atopar un lugar sen ruído exterior, sempre escoitaríamos os nosos sons internos. Así, nos falamos de silencio como aquela "mínima unidade de ruído".

(Chiu Longina)

-O Cluster Artesonoro.org, ao que pertence escoitar.org, e que tamén administramos nós, ten unha radio de silencio. A dirección é www.silencioradio.org. Cando te conectas a ela aparece un cronómetro que conta o tempo que estás a agardar a que chegue o son. En realidade nunca chega, pero nese tempo de espera, que chamamos "silencio", o oínte vai afondando nas capas sonoras que ten ó seu arredor e vai abrindo filtros. Se te conectas pola noite a esta radio, na intimidade da túa habitación, e esperas un bo rato, acabarás por oír perfectamente ese suposto silencio que te rodeaba.

-Vós reivindicades o son como vehículo de documentación histórica, etnográfica e pode que até sentimental. Credes que non se lle empresta atención abunda ó son?

(Julio Gómez)

-Este outro tema tamén sería para encher páxinas. É evidente que o son, coma outros sentidos que non estean supeditados aos intereses sociais de hoxe en día, non ten máis atención que a meramente "numérica". Quero dicir que hoxe todo forma parte dunha gran máquina de consumo e un dos seus principais obxectivos é limitar, afogar e destruír a capacidade dos seres humanos para "respirar" con independencia e autonomía. Na medida que perdamos esa capacidade para sentir, ver, tocar, escoitar, cheirar por nós mesmos, seremos máis vulnerables ás estratexias da economía global. A contaminación acústica é unha grande doenza do noso tempo, pero a diferenza deses estudos insulsos que falan de contaminación acústica externa -tráfico, industria, etc-, nós cremos que hai aínda unha patoloxía máis urxente: a enfermidade do son bonito. O chamado "muzak" é ese bombardeo indiscriminado que sufrimos arredor dos sons "agradables" que actúan como narcóticos entre a sociedade. Ese é o peor virus que hai hoxe en día, porque leva séculos contaminando a nosa experiencia sonora e vai reducindo a nosa capacidade acústica para diferenciar o son do ruído.

(Chiu Longina)

-Se aplicamos a perspectiva histórica e facemos un exercicio de memoria, é doado decatarse de que o invento da imprenta (que a Historia atribúe a Gutenberg, pero que se inventou tres séculos antes en China, no século XII), está moi lonxe cronoloxicamente do invento do fonógrafo ou do gramófono (practicamente no século XX). Son case oito séculos de hexemonía do visual respecto do sonoro. A imprenta permitiu conservar o pensamento escrito e a imaxe exercendo ao mesmo tempo como tecnoloxía para a súa difusión, e transformou un

mundo sonoro noutro visual. Hoxe, moitos estudos e investigacións de comunicólogos, antropólogos e outros científicos do social enmarcan os seus traballos dentro dun paradigma que podería chamarse "influencia da tecnoloxía nas transformacións socioculturais". É dicir, tratan de comprender e explicar como a tecnoloxía pode cambiar o modo de percibir o mundo, o cognitivo e, xa que logo, as prácticas sociais, os feitos, o cotián, o pensamento. Pois aí é onde estamos nós, tratando de emprestarlle atención ó son.

Navegacións Cotiás



Manuel Gago
magago@usc.es

Metápole

Os novos territorios humanos son espesos e densos; fórmanse por estratos que flotan invisíbeis sobre o cemento das nosas cidades. Por riba da superficie urbana superpóñense tecidos culturais que só se visibilizan a través de interfaces tecnolóxicas: a web, o teléfono móbil, o GPS do coche, as videopantallas das rúas. Como capas creadas nun programa de retoque fotográfico, as cidades suman á súa complexidade unha nova arquitectura da información que se superpón sobre elas.

Parece que historicamente a configuración das cidades sempre tivo querencia por facer diferencias verticais. A altura adoitaba equivaler ao poder, á riqueza ou ao privilexio: intramuros, cidadela de gobernantes, protección. Os barrios baixos xa definen nun só nome posición no mapa e miseria: corredoiras portuarias, estreitas, escuras, con poboación amoreada coma nun almacén. Lin por primeira vez o termo Metápole no excelente blog de arquitectura e especulación urbana Bldg blog (bldgblog.blogspot.com) e por un acto reflexo lembreime dunha das primeiras películas de ciencia ficción: Metrópole, de Fritz Lang (1927). A película presentaba un mundo do futuro (2026) no que os obreiros do submundo están sometidos a poderosas máquinas que controlan unha minoría de poderosos que viven na zona superior da cidade. A ciencia ficción escolleu como primeira materia narrativa as nosas cidades e o terror da súa estratificación social e física.

Pouco se imaxinaría Lang que as tornas cambiarían, que os barrios do centro, antes reduto burgués, se converterían nos ghettos ou en despoboados territorios carne da especulación urbanística e a periferia sería signo de distinción. Tampouco se imaxinaría que as cidades medrarían de xeito invisíbel, e que no novo territorio dixital a cidade reinventaría o concepto de espazo público, que define a evolución de Occidente dende Grecia. Teña vostede unha conta de flickr na que publique fotos dun concerto no campo de fútbol local, comente en posts as opinións do político da oposición local, anote sobre o mapa as tendas máis baratas do centro e compártaas cos outros usuarios. Estará metido no medio e medio da ágora, aínda que fale desde o salón da súa casa.

A nova cidade baséase nas anotacións dos usuarios sobre os novos taboleiros dixitais. Os espazos públicos non dependen xa só da decisión da corporación local en concedernos prazas e parques dentro dos planos de reordenación urbanística, ou do interese histórico dos poderosos en abrir espazos diante de igrexas, pazos e centros comerciais para o seu mellor lucimento. Estas novas prazas públicas son efémeras, tan só dependen da vontade individual ou colectiva, son gratuítas, e se coñecen a través do do boca a boca das cafeterías ou ao reveláronse nos buscadores. Estamos en Metápole, na cidade anotada, no territorio que xorde a golpe de mash-ups (versións) de Google Maps ou outras tecnoloxías. Galicia xa non é allea a este fenómeno que xa se perfila como unha das grandes características da Sociedade da Información. escoitar.org, os blogs urbanos colectivos, os usuarios que deixan marcadores que se revelan ao voar con Google Earth sobre o porto da Coruña ou os que marcan aldeas abandonadas nos bosques do país en Tagzania, un marcador social de lugares sobre Google Maps. A nova cidade anotada abre novas posibilidades ao privilexio de ser cidadáns libres. ¿Conseguiremos aproveitalas?



Imaxe vista en www.flickr.com/photos/paradigm4/




Teclado con certo nivel de uso, en www.flickr.com/photos/98965954@N00/

De ciber-esmolos, readeictos e e-abstinencias

Chegan máis estudos preocupantes sobre as consecuencias da adicción ás novas tecnoloxías,

o seu poder aditivo. En realidade, o tema non é nada novo, e en Código xa se ten falado algo sobre a cuestión, pero se cadra é certo que a medida que vai pasando o tempo as investigacións tenden a ser un punto máis apocalípticas e preocupantes, case como se viñeran dadas polos mesmos *tertulianos* que informan da dramática ruptura de España como unidade ou de que os emigrantes (malfeitores todos eles, claro) só veñen a saquear o país. Será que non andaban desencamiñadas películas como por exemplo *Días Estraños*, onde as drogas máis potentes eran uns aparellos tecnolóxicos que lles permitían ós portadores vivi-las vidas de outras persoas? Todo se reducirá a iso, a poder experimentar as sensacións e os pensamentos de outros? Sexa como sexa, e segundo un destes estudos, o da Universidade de Stanford, Internet pode chegar a ser tan perigosa coma calquera outra droga. Igual de potente, igual de aditiva e con consecuencias semellantes: deixadez de responsabilidades, efectos negativos na saúde (deixamos de comer e de durmir) e, de xeito paradoxal, caídas de rendibilidade no traballo e na comunicación. E dicimos de xeito paradoxal porque se supón que Internet é para comunicarse, mais segundo o estudo, un emprego excesivo da Rede fai que se lle deixe de prestar atención ás persoas que nos rodean, coma se estivésemos a agardar de xeito permanente que todo o que nos viñese pola Rede, por ser medio imaxinado, fose mellor.

F. SARASQUETE

 Pode que non tarde o día en que unha boa parte dos esmoleiros deste mundo tamén pidan unha “axudía” para conectarse á Rede, ou polo menos así nos pintan o futuro dous estudos internacionais sobre os perigos da tecnoloxía e sobre

A Universidade de Stanford, que estudou os comportamentos de preto de 2.500 adultos, manifesta que entre o 6 e o 14% destas persoas recoñecen que descoñeceron o seu traballo, as súas familias e até a súa alimentación polo feito de poder navegar máis por Internet. O xermolo deste estudo está no incremento de

persoas que visitaron a clínica de desordes de control de impulsos da dita universidade por problemas derivados do emprego da Rede. Estes individuos, ó describíren os motivos que os levaran até alí, coincidían en moitos puntos (sinais, síntomas, consecuencias) cos individuos que antes describíran no mesmo lugar trastornos derivados do consumo de drogas.

A segunda investigación que estivo os días pasados pendurada nese gran taboleiro de anuncios que é Internet vén da man dun sociobiólogo chamado Oliver Curry, que se cadra métese máis có equipo da Universidade de Stanford en temas de prognósticos tecnolóxicos para longo prazo. Curry, que semella confirmarse no seu estudo como un capacitado escritor potencial de novelas de ciencia ficción (as súas previsións levan á mente argumentos de H. G. Wells ou Phillip K. Dick), afirma que a dependencia actual ás novas tecnoloxías da información vains levar dereitiños a converternos en algo así como animais de compañía. Oliver Curry toma como exemplo para o seu traballo o modelo humano de adicto actual a Internet: non come, nin durme, nin fai exercicio, nin se comunica, e ten graves ataques de carraxe e preocupación cando se queda sen

Rede e sen o que esta lle ofrece: chats, mensaxeiría instantánea, porno, etc.

Destá maneira e tendo en conta estas e outras características de comportamento do ser humano actual (como a de ser cada vez máis sedentarios e comer cada vez peor), Curry ofrece un paquete de consecuencias cando menos interesantes, pero preocupantes: o futuro é unha estancia desordenada e miúda, rebordante de caixas de pizzas e comida rápida e habitadas por persoas solitarias, obesas, febles e con poucas defensas cara ás doenzas e, sobre todo, incapaces de relacionarse coas persoas que accedan a eles a través das canles que consideramos habituais (as que non están relacionadas coa Rede) ou de levar a cabo algún tipo de traballo.

Se cadra é hora de limitármonos o tempo de acceso á Rede!

Ligazóns:

Fonte: www.baquia.com

Primeiro estudo

<http://www.mercurynews.com/mla/mercurynews/news/local/states/california/northern/california/15801182.htm>

Segundo estudo:

http://www.theregister.co.uk/2006/10/19/humans_as_pets/

Os mozos, entre a espada (móviles) e a parede (videoxogos)

Nunha das curtametraxes documentais presentadas na edición 2006 de Curtocircuito (en Compostela), chamada *Máscaras II*, o seu director Alejandro Ventura centrábase no día a día dunha parte da mocidade de Uruguai, a que fai practicamente vida entre as catro paredes dos cibernets, onde dedican a meirande parte das súas horas a xogar en liña coas súas amizades. A curtametraxe, que por certo é aburrída coma poucas (o que xa ten o seu mérito, sendo como é un produto que non supera os 15 minutos), serviu para facer que máis de un dos futuros pais que asistiron ós países se preocupasen polo futuro dese fillo que aínda non teñen pero que máis tarde ou máis cedo lles pedirá cartos para ir ó ciber. No devandito documental, o dono dun destes establecementos que serve de base de operacións permanente dos rapaces uruguaios, púñase a si mesmo como exemplo de “*persoa que leva unha vida normal malia dedicar trinta anos da vida ós videoxogos, estando día e noite perante unha pantalla de computador*”. Ó xuízo deste home (parte interesada), é máis positivo que os rapaces fagan vida social no ciber, xogando, onde teñen un teito e outras persoas con gustos semellantes, ca na rúa, sen nada que facer.

Sexa como sexa, e malia esta “santificación” do ciber como espazo de “dinamización social da mocidade”, o certo é que xa hai quen se preocupa do emprego abusivo destes locais, incluso dende as propias administracións. É dicir: os videoxogos están moi ben, pero na súa xusta medida. O malo é cando non se fai apenas outra cousa que xogar. A Consellería de Sanidade de Madrid, sen ir máis lonxe, está a tratar xa a adicción dos cativos ós xogos, ós móviles e ás novas tecnoloxías como trataría calquera adicción ás drogas. De feito, o departamento que trata a estes mozos é a Axencia Antidroga (o que fala ben ás claras de por onde van os tiros), e o programa posto en marcha chámase Prevención á Adicción ás Novas Tecnoloxías, sendo o seu obxectivo mentalizar a pais e rapaces do risco que leva consigo un emprego sen medida das canles e ferramentas da Sociedade da Información. Unha das bases da iniciativa é esta: segundo a Oficina do Defensor do Menor de Madrid, case un terzo dos nenos e mozos de entre 11 e 17 anos ós que se lles priva de móbil confesa sentirse “*sumamente agoniado*”. O proxecto, que achegará datos sobre os primeiros resultados ó longo do mes de novembro, estase a levar a cabo en tres colexios da comunidade de Madrid, con 225 nenos participantes.

O principal problema ó que se enfrenta este programa e outros semellantes é que se parte practicamente de cero. Non hai estudos rigorosos e con base científica que poñan enriba da mesa que o feito de ter a un neno tres ou catro horas ó día xogando nun ciber sexa máis negativo ca positivo. Malia todo, probablemente sexa unha boa proba inicial de campo (que, coidado, leva consigo os seus riscos) comprobar que acontece nun ciber especialmente concorrido da nosa cidade se desenchufamos a regleta que alimenta de enerxía a tódolos computadores. Segundo a axencia que sostén o devandito programa da Comunidade de Madrid, o neno que está atrapado na adicción á tecnoloxía amósase irritable, ansioso e triste cando non a ten diante. No caso da proba de campo do ciber que aconsellamos antes, se cadra sería boa cousa rectificar e recoñecer que non sería boa idea, sobre todo se nos gusta chegar enteiros cada día á casa. Que lle imos facer!

Fonte: http://actualidad.terra.es/provincias/madrid/articulo/sanidad_trata_droga_adiccion_menores_1141620.htm



Medran os adictos ó eMule

RAQUEL NOYA

En España son xa un millón os fogares enganchados literalmente ó eMule. E é que o intercambio gratuito de arquivos pode chegar a ser aditivo. Para moitos é unha obsesión erguerse da cama e comprobar, antes de nada, o que se descargou no seu computador durante a noite, mentres durmían placidamente e soñaban que entraban nunha tenda xigante na que tiñan ó alcance da súa man (e de balde) toda a cultura do século XX. Iso é o que nos ofrece eMule con tan só un golpe de rato: música, series, películas (moitas das cales nin sequera están a venda)... sen que nos preocupe o feito de ter que apertar o cinto para chegar a final de mes.

Volvemos ó principio (recapitulamos): cada día son máis os *enganchados* ó eMule. Este servizo, do tipo P2P (siglas de *peer to peer*, de par a par) é o programa máis famoso de intercambio de arquivos por Internet e ofrece descargas intensivas de contidos variados e, segundo o último estudio do Observatorio Europeo de Información Tecnolóxico, está a ser empregado polo 20% dos abonados de banda ancha españois.

Segundo cifras facilitas polas principais compañías telefónicas que ofrecen conexión a Internet por banda ancha (ADSL e cable), actualmente un millón de fogares realiza descargas intensivas de contidos de Internet a través destes programas gratuitos, e non se trata de descargas puntuais senón que os abonados teñen os seus equipos conectados as 24 horas do día co fin de facerse con todo tipo de contidos.

Pero para obter cifras máis orientativas, este millón de usuarios hai que multiplicalo polo número de membros que o empregan en cada casa, que pode variar entre 1 e 5 individuos.

O funcionamento das redes P2P é relativamente sinxelo. Basta con ter unha conexión a Internet de banda ancha e descargar de balde o programa de intercambio. Logo disto, o usuario decide que contidos que ten almacenados no seu disco duro quere compartir: música, películas, fotografías, software, xogos... todo ten cabida neste mercado de intercambio. O programa pon en contacto con outros milleiros de equipos que tamén abriron o seu PC ó resto do mundo. Chegados a este punto, o único que queda é buscar o que se quere e acadalo descargándoo do ordenador dos demais. Unha operación tan de andar por casa que se cadra non é de estrañar que máis de 240 millóns de usuarios xa teñan instalado este programa.

Todo isto fai que o eMule ou o P2P xa non sexa xa un reduto de informáticos, senón unha práctica cotiá entre todo tipo de individuos fomentos de material dixital; e a fame dos usuarios do P2P non ten límites. Tanto é así que fronte ós 500 megabytes de tráfico mensual que consume un usuario normal de Internet, un *peer* medio emprega 16 veces máis, e o usuario intensivo case unhas 300 veces máis, cun consumo que rolda os 150 gigabytes e que lle permiten amosar 200 filmes ou 30.000 cancións nun só mes. Se cadra películas que ficarán no esquecemento e cancións que nunca serán escoitadas, postas en andeis ós que nunca se volverá máis que para facer limpeza; até material que se borrará antes de ser visionado ou escoitado por falta de espazo nos discos duros. De feito, as vendas de discos duros externos e DVD e CD virxes multiplicouse por cinco no pasado ano, acadando a nada desprezable cifra de 300 millóns de unidades.

Pero non é ouro todo o que reloce, non. Os usuarios do P2P teñen que enfrontarse a trampas como arquivos falsos ou *fakes*, nos

que, baixo o sobrenome dunha estrea, aparece en realidade unha longametraxe caseira ou unha película pornográfica. Tamén se poden meter virus ou, nun descoido, incluír datos persoais e material privado. É o prezo que se paga polo almacenamento masivo de contidos extraídos de Internet.

Unha adición? As cifras non menten: as estimacións son que en 2010 haberá 3,7 millóns de *peers* en España, que descargarán de media, 638 películas nun só

ano, nunha práctica considerada polo de agora como legal, sempre e cando non exista ánimo de lucro e unha finalidade económica polo medio. Malia as arelas dalgunhas entidades por ilegalizar os programas de descargas (como a SGAE), este tipo de software seguirá a ser empregado por moitos internautas que defenden o P2P como un instrumento de difusión cultural de enorme capacidade e que, aditivo ou non, polo menos non dana a saúde de terceiros como outras adicións non denunciadas.

Cámaras dixitais: inmortalizando a nada

F. S.

E que pasa coas cámaras dixitais? Quen dos que teñen cámara non se viu sorprendido polo “mono dixital” cando vai de viaxe e descubre que deixou o aparello na casa? E quen dos que non a teñen imaxinou nunha cea colectiva que sería un pracer deixar caer un martelo (con forza) sobre as cámaras dos demais para ter a seguridade de que non vai quedar inmortalizado si se lle ocorre a “mala” idea de empregar un escarvadentes? O caso é que todo se fotografía, xa, e o adicto á cámara dixital é moitas veces o que peor o pasa de todos, porque asume sobre os seus ombreiros a responsabilidade de dar testemuña gráfica dos feitos, e porque ten que estar pendente de si mesmo e da cámara (hoxe en día, xa non hai monstros: o mellor argumento de terror na actualidade sucede nos pisos dos nosos amigos acabados de casar, estando no portátil que almacena 3.000 fotos da súa viaxe a Santo Domingo a raizame dos nosos peores pesadelos). Segundo Leandro Zanoni (eBlog), hai un antes e despois dos funerais do Papa Juan Pablo II. Ó seu xuízo, nunca antes quedou tan en evidencia que, hoxe en día, preocupa máis o feito de inmortalizar o intre para almacenalo e amosalo despois có sentimento mesmo que nos provoca ese feito. As súas palabras poñen un toque de arrepío: “*Logo de que se formasen quilométricas ringleiras de peregrinos que querían estar durante un minuto perante o corpo, quedou claro que moitos deles preocupábanse máis por ter as súas cámaras e móbiles listos para disparar e captar o intre ca por ver por última vez ó Papa cos seus propios ollos*”. A pregunta que nos podemos facer é esta: que lle tería parecido ó Santo Pai o feito de que se lle fotografase dese xeito indiscriminado en tan delicado momento? Mais hai outra pregunta que facémonos e preocupante: que pasaría si se prohibira o emprego da cámara dixital a toda esa xente acabada de saír do longo case inaturable sacrificio de agardar durante días enteiros por participar no funeral?

Segundo Zanoni, non se lle está a emprestar atención abonda a este fenómeno, que vén dado pola posibilidade de ter convertido a calquera cidadán en fotógrafo potencial (na actualidade, estímase que hai preto de 1.000 millóns de persoas con cámara no móbil no mundo). Tendo en conta este dato, podemos estar seguros de que se saímos da casa en pleno inverno vestidos de bailarinas de ballet (porque estamos aburridos, porque nos apetece, porque levamos unha bailarina dentro ou nada máis que porque si) haberá no mellor dos casos dez cámaras que penduren na Web a nosa imaxe dando chimpos e xiros máis ou menos gráciles na beirarrúa.

Estamos avisados. A profusión de cámaras dixitais, finalmente, move á decencia. Fonte: <http://www.eblog.com.ar/?p=373>



O boom das cámaras dixitais crea situacións nas que se fotografía todo, até ó propio fotógrafo, visto en www.flickr.com/photos/ocell/



Novas tecnoloxías, novas xeracións: o nacemento dos *cibernenos*

RAQUEL NOYA

Os ollos case non lles chegan á altura do teclado, teñen as mans tan pequenas que lles costa traballo manexar o rato, aínda non saben termar ben dun lapis e nin sequera son quen de diferencia-las letras do abecedario de simples debuxos; porén, estes cativos de menos de catro anos xa se buscan a vida para explorar o mundo cibernético e pasar o tempo vivindo outras vidas con xogos de aventura, acción ou fútbol nos cibercafé, as novas garderías onde cada vez máis pais deixan os fillos mentres eles realizan outras actividades.

Na actualidade, a educación informática xa está considerada como unha habilidade esencial para os nenos. Dende moi cativos comezan a introducirse no mundo das novas tecnoloxías e, conscientemente ou non, van adquirindo coñecementos moi relacionados coa cibernética e a informática. No mercado existen



moitas versión do que se coñece como “computadoras para nenos”, con funcións sinxelas e xogos, destinadas a que os máis pequenos (a partir de tres anos) comencen a entrar en contacto coas tecnoloxías o antes posible. A maior parte delas traen xogos educativos pero sen acceso a Internet, co que o beneficio destes aparellos é que introducen ós cativos en contacto cos teclados e coas pantallas e faílle sentir que exercen unha influencia directa sobre o seu espazo.

Efectivamente, xa se comercializan -e dende hai moito tempo- numerosos videoxogos pedagóxicos e de educación cívica, mais a día de hoxe a Rede engade ese “contacto humano” que non se atopa no interior das consolas. Os *cibernenos* aprenden, xogan e viven en liña pero, podémolo considerar como unha vantaxe ou un impedimento para a súa total integración na sociedade? Cales son as consecuencias do emprego intensivo dos videoxogos e da “rede de redes” polos nenos e os mozos?

Existen poucas investigacións a nivel internacional sobre o efecto do uso das computadoras nos nenos, pero un recente informe da Universidade de Sheffield, en Gran Bretaña, amosa resultados



interesantes, como por exemplo que o 27% dos nenos británicos empregaron algunha vez o computador nos seus fogares (cifra que ascende ó 53% nos nenos de 6 anos) e que o 30% deles visitou algunha páxina en Internet.

Hoxe os nenos medran de xeito moi diferente ós pais debido ó uso intenso durante anos dunha tecnoloxía completamente nova e allea por completo á da xeración anterior. Os cerebros destes cativos estanse a adaptar de xeito continuo a outro tipo de estímulos e, lonxe de ser algo negativo para a súa educación (usados con precaución e sen abusar), as novas tecnoloxías melloran a capacidade visual e a distribución espacial dos usuarios.

Dende sempre, os nenos empregaron os seus xoguetes como modelos para comprender o mundo que tiñan ó seu redor. Ós nosos pais e avós abondáballes con accionar os pedais dunha bicicleta ou darlle corda a un boneco para comprender o funcionamento mecánico dos mesmos. Con obxectos electrónicos podían -sen moita dificultade- captar o seu funcionamento recorrendo ós coñecementos adquiridos a través desa análise previa da mecánica dos seus xoguetes.



Anos máis tarde, a comezos da década dos oitenta, unha primeira xeración de xoguetes electrónicos comezou a revolucionalo todo. Chips, baterías ou arames era o que achaban os cativos cando indagaban nas “tripas” dos seus compañeiros de xogos para ver como funcionaban. E xa que non entendían o seu funcionamento no plano físico, os cativos buscábanlle un enfoque psicolóxico, e os xoguetes eran para eles máquinas pensantes, con capacidade para decidir por si mesmos.

Paseniño, a mentalidade dos nenos foi trocando e o concepto de máquina e ser vivo foise fusionando nas súas mentes. Os nenos da actualidade reflicten moi ben o concepto de “ciberconciencia”, unha tendencia a considerar ós sistemas informáticos como seres “case vivos” así como a pasar dun concepto explicativo a outro e prescindir ó mesmo tempo das fronteiras entre o vivo e o obxecto. As relacións que manteñen coas súas mascotas virtuais e bonecas numéricas son a proba diso.

Estes xoguetes electrónicos apareceron xa hai algúns anos: os *tamagochis* e *furbies* trouxeron consigo novos interrogantes acerca do que os nenos consideran vivo, pois teñen unha característica que os diferencia dos antigos xoguetes electrónicos: precisan ser coidados. O neno avalía o “estado de ánimo” do seu xoguete e debe coidalo se quere conservar a súa amizade e non perdelo. Así, dun xeito virtual abondo, o cativo debe alimentar, lavar, distraer, entreter e até facer que se aparelen e se reproduzan estas criaturas creadas nas pantallas de pequenos aparellos portátiles ou nos PC.

Estas novas xeracións ven ós ordenadores como ferramentas comúns para a aprendizaxe e, mentres que algúns especialistas aseguran que os *cibernenos* integrarán unha xeración máis crítica e cunha percepción máis ampla do mundo, adquirindo meirandes posibilidades de elección, outros sinalan que isto producirá distracción, superficialidade e falta de orixinalidade nas aulas, así como un desenvolvemento deficiente da creatividade dos cativos. Ademais, se os adultos non guían ós cativos, estes limítanse a empregar-las tecnoloxías para o chat e os xogos, o que non lles xera situacións de aprendizaxe e até pode causarlles adición.

As novas tecnoloxías son beneficiosas ou prexudiciais para as mentes mais novas?

O contacto co teclado e co rato pode

ser moi produtivo, sempre e cando estea vixiado e se faga sen que os cativos abandonen o xogo entre amigos e as actividades manuais, porén, moitos proxenitores xa empregan os cibercafé como garderías. Isto é bo? Xulguen vostedes mesmos:

Vantaxes:

- Estimulan unha visión crítica do que se aprende.
- Fornecen meirande autonomía e independencia ó neno como consecuencia da cantidade de opcións que ten para escoller.
- Propician unha maior interacción entre os nenos e os mestres, xa que estes deixan de ser a única fonte de coñecemento.
- Teñen maiores posibilidades de elección.



Desvantaxes:

- Provocan maior distracción nas aulas.
- Inhibe a creatividade, pois nalgúns casos abóndalles con “copiar e pegar” a información que se obtén a través de Internet.
- Producen illamento no neno.
- O computador cambia o espazo físico por unha percepción do espazo virtual.
- Pode chegar a causar adición.
- Os menores de 7 anos non experimentan aprendizaxe fronte ó ordenador.

Semella que queda claro que as habilidades fronte ós ordenadores considéranse xa como esenciais para os nenos. Porén, moitos seguirémonos preguntando se isto servirá para substituír ós amigos da escola por outros virtuais ou ós xogos da rúa por xogos en rede. O tempo dirá se os adultos do futuro son persoas con sentimentos ou simples cabezas pensantes sen desexos de relacionarse co resto do mundo máis que a través dunha pantalla de ordenador.

Segundo datos de Technorati, actualmente existen en todo o mundo máis de 60 millóns de blogs, mentres que até hai apenas uns anos eran poucos milleiros. O crecemento exponencial destes non se limita a unha extensión do seu número, senón que este espallamento vén acompañado dunha medra dos lectores, calculándose tamén que o número de visitantes habituais de blogs experimentou un crecemento sostido e con cifras moi elevadas, pois xa en 2005 aproximadamente o 15% dos internautas estaban afeitos á consulta neste tipo de medios.

A meirande atención acaparada polos blogs tradúcese nun maior interese publicitario dos mesmos e máxime cando a esta maior atención por parte dos internautas se lle engade outra característica especialmente atractiva das bitácoras, como é a súa capacidade de fidelización. Os blogs fidelizan ós seus lectores con valores clave como a confianza e o recoñecemento, a través de ferramentas como os comentarios, os feeds ou os trackbacks, o que os converte en instrumentos de gran eficacia prescriptiva na medida en que funcionan como creadores de opinión. Así, non resulta en absoluto estraño que cada vez se popularice máis o fenómeno do buzz-marketing, no que os weblogs e os departamentos comerciais e de atención ó cliente das empresas teñen moito que dicir, porque se clasicamente se ten dito que un cliente contento é a mellor publicidade, un blogger contento é un individuo con incentivos para facer recomendacións e unha plataforma para facelas. *Isto propiciou o xurdimento de compañías especializadas na aplicación das técnicas de buzz que permite a rede de blogs, o lanzamento de novos produtos, como é o caso de BuzzParadise, que buscan para os seus clientes os blogs máis apropiados onde comezar a xerar "ruído".* Por exemplo, cando LG lanzou o seu modelo de teléfono móbil Chocolat, varios bloggers españois especializados en tecnoloxía recibiron na súa casa un terminal completamente de balde que, obviamente, analizaron con detalle nos seus blogs. Algúns argumentan que este tipo de "incentivos" perverten a esencia do blog, onde se tende a recomendar e a cooperar sen agardar beneficio directo por elo, facendo perder confianza sobre a fidelidade das opinións; porén, o certo é que eses bloggers deixaron claro en todo momento como acadaran o móbil e, en aparencia, criticárono como farían con calquera outro gadget. En todo caso, a polémica entre uns e

outros está servida, ó igual que entre os que defenden a presenza de publicidade nos blogs e os que critican o seu uso, aínda que isto non impediu que os blogs se converteran nun interesante soporte publicitario que cada día atrae máis investimento.

Pero non só hai negocio nos contidos, senón tamén na "infraestrutura" que crean as empresas que desenvolven sistemas de xestión de blogs. De feito, os grandes movementos económicos relacionados cos blogs comezaron coa adquisición de start-ups como Blogger ou Bloglines, así como Weblogs Inc. por parte dalgúns das grandes do sector (Google, Ask Jeeves e AOL respectivamente), é dicir, con ferramentas de creación e xestión e agregadores de blogs. O capital risco tamén ollou en fite ademais (especialmente en EE UU) a blogs concretos como puideron ser Huffington Post (sobre política) no que unha firma de capital risco investiu cinco millóns de dólares tras comprobar o seu enorme alcance, que o favorece dun gran valor como soporte publicitario. Como o de Arianna Huffington-creadora do Huffington Post- hai outros moitos casos de blogs cunhas audiencias envexables e que ademais se atopan ben segmentadas -pois están centrados nun tema moi concreto- e que son polo tanto unha fonte real ou potencial de ingresos interesante, que se viu reflectida xa a finais de 2004 na prestixiosa revista Business Week (The business of blogging, 13 de decembro de 2004) onde se concluíu que malia que o negocio dos blogs estaba aínda nunha idade temperá, tiña moito percorrido por desenvolver.

No mercado español, o caso de Weblogs S.L. é un dos máis recorrentes á hora de referirse á explotación comercial do fenómeno das bitácoras. Con obvias semellanzas coa americana Weblogs Inc., esta empresa fundada por Julio Alonso, Iñaki Ecenarro e Antonio Ortiz, edita a través de distintos profesionais freelance -en total suman máis de 60 bloggers colaboradores- un bo número de blogs sobre diversos temas para os que a empresa xestiona a publicidade, entre eles algúns tan coñecidos como Error500 ou Merodeando. Pero o seu negocio non se limita a "producir" uns contidos altamente segmentados que visitan cada día millóns de persoas para logo rendibilizalo de xeito publicitario, senón que Weblogs S.L. ofrece tamén servizos a outras empresas relacionadas co mundo das bitácoras, tales como asesoría a empresas sobre este fenómeno e creación de cadernos persoais para empresas ou blogs

Blogs: ocio e... negocio

Os blogs son cada vez máis populares, o que os fai máis interesantes de cara ó mercado publicitario, ó tempo que achegan novas oportunidades de negocio arredor deste fenómeno.



Weblogs é un exemplo claro de como tirarlle rendemento publicitario ás bitácoras

corporativos, un servizo cada vez máis popular entre compañías de tódolos sectores e niveis, que ven nas bitácoras unha poderosa ferramenta de comunicación con clientes, subministradores ou empregados, e que permite dende promover novos lanzamentos e até emitir comunicados.

E é que os blogs teñen moito que ofrecerlle á Nova Economía 2.0: amais da función obvia de soporte publicitario permiten o xurdimento de iniciativas como 100 blogs para 100 MyPes, un obradoiro de blogs posto en funcionamento hai pouco en Chile por Atina, que promove o emprego de prácticas tecnolóxicas na empresa e no que as corporacións participantes poden -a través do seu blog- ofrecer produtos e darlle saída ó seu negocio. A cota de 100 micro e pequenas empresas participantes -logo ampliada a 150- pechouse en menos dunha semana, poñendo de manifesto así o interese que semella ter para a empresa esta ferramenta que posibilita unha comunicación sinxela, bidireccional, barata e directa entre o blogger e os seus lectores.

Normal que cada día movan máis cartos.

Ligazóns:

- www.weblogssl.com
- www.technorati.com
- www.blogger.com
- www.bloglines.com

"Os blogs teñen moito que ofrecerlle á Nova Economía 2.0: amais da función obvia de soporte publicitario permiten o xurdimento de iniciativas como 100 blogs para 100 MyPes, un obradoiro de blogs posto en funcionamento hai pouco en Chile por Atina, que promove o emprego de prácticas tecnolóxicas na empresa e no que as corporacións participantes poden -a través do seu blog- ofrecer produtos e darlle saída ó seu negocio."

Máis información en
www.elvilmetal.com

A lingua empregada nas mensaxes dos móbiles comeza a adquirir carta de oficialidade



RAQUEL NOYA

Tanto as mensaxes SMS coma a linguaxe que se emprega nelas convertéronse nos últimos anos nunha auténtica revolución para unha boa parte da mocidade, chegando a ser practicamente unha segunda lingua para moitos. Tanto é así que –por exemplo– en breve os estudantes neozelandeses poderán comezar a empregar o idioma abreviado dos SMS nos vindeiros exames da NCEA, o equivalente ós exames de selectividade en España. Os defensores desta medida opinan que o máis importante é que os alumnos demostren que posúen os coñecementos requeridos nas pro-



bas, e non tanto o xeito de levarlos á follla. Amais, aseguran que se trata de integrar no eido da escola unha linguaxe que xa leva anos sendo empregada na rúa. Pola súa banda, os detractores da medida cren que con esta decisión estase a axudar a empobrecer o idioma e a destruír o xeito tradicional de comunicarnos. No que non semella haber dúbidas é no seguinte punto: as linguas evolucionan co paso do tempo, afacéndose de xeito continuo ás novas xeracións e cumprindo o seu papel de canle de comunicación entre semellantes. Mais, cara onde nos leva esta novo xeito de expresámonos, nado dos teléfonos móbiles, os chats e os foros de Internet? Moitas expresións feitas xa están espalladas entre os máis novos, e estes úsanos de maneira arbitraria entre eles, convertendo verbas en siglas complicadas de comprender para a meirande parte da sociedade adulta. Algunhas das palabras que máis se empregan son estas:

- ad+: ademais.
- a2: adeus
- aptec: apetece.
- Bn: ben.
- Bks: bicos.
- 1bk: un bico.
- 1bkñ: un biquiño.
- Cm: como?
- Cnd: cando?
- Ctxta: contesta.
- D-: de menos.
- Dps: despois.
- +tard: máis tarde.
- Grazs: grazas.
- Hi: hola
- K a cs: qué fas?
- Ksa: casa.
- Lg: logo.
- Mña: mañá
- N: en.
- Psada: pasada/pesada.
- Q: que.
- Q tl: que tal?
- Qt: querote.
- Qtm: querote moito.
- Spro: espero.
- Stou: estou.
- Srt: sorte.
- Tb: tamén.
- Tpc: tampouco.
- T2: todos.
- Vnt: vente.
- Wpo: guapo
- Wpa: guapa.
- X: por
- Xa: para
- Xfa: por favor.
- X fi: por favor.
- Xiks: chicas.
- Xq: porque.
- Xque: porque.
- Xtal: portal

Certamente, despois de ler esta listaxe, que podería ser tan longa como palabras ten o dicionario, a máis de un de nós se nos podería ocorrer deixar a academia de inglés e meternos de cheo na linguaxe SMS, que semella ser a linguaxe das futuras xeracións, caracterizada pola inmediatez e a brevidade que require a sociedade moderna. Se temos en conta que cada xeración de adolescentes se caracteriza polo seu rexeitamento ás normas preestablecidas adoptando costumes que os



Enviando un SMS en Beijing, visto en <http://www.flickr.com/photos/xiaming/>

diferencian da anterior, a mocidade actual semella que atopou nas mensaxes curtas de texto o seu signo de identidade, e a vítima inocente e en quen recaen as consecuencias involuntarias da súa rebeldía non é outra que a ortografía. Como é natural, o automatismo no emprego de dúas formas léxicas para unha mesma palabra (unha en SMS e outra en formato normal), afectaralle a tódalas linguas, xa que por lei natural os novos que hoxe asumiron este sistema de comunicación son os adultos que o día de mañá o manterán, tanto por autocomplacencia como tamén por imperativos tecnolóxicos. Así, malia que debemos velar



pola correcta aprendizaxe e uso do idioma (ben sexa na súa gramática, a sintaxe ou a ortografía), é certo que non non semella moi conveniente deixámonos arrastrar cara a posturas extremas de rexeitamento a este novo xeito de comunicación, que –mellor ou peor– permite comunicar algo en pouco tempo e con menor custo económico. Só por iso merece que se lle empreste atención.

Hai pouco se recibiu na redacción de Código este correo electrónico ó que non se lle deu importancia até hoxe, pois é máis concluínte do que no seu día pareceu:

“Sgeun un etsduio de una uivenrsdiad ignlsea, no ipmotra el odren en el que las ltears etsan ersciats, la uicna csoa ipormtnate es que la pmrirea y la utlima ltera esten ecsritas en la psiocion coocrrtea. El rsteo peuden estar ttaolmnte mal y aun pordas lerelo sin pobrleams. Etso es pquire no lemeos cada ltera por si msima preo la paalbra es un tdoo”.

Pesornamelnte me preace icrneilbe...

É un texto que nos axuda a mirar en fite e a valorar a nosa capacidade para afacernos á lectura de calquera codificación que responda a unhas normas preestablecidas e xa recoñecidas

Como é natural, o automatismo no emprego de dúas formas léxicas para unha mesma palabra (unha en SMS e outra en formato normal), afectaralle a tódalas linguas, xa que por lei natural os novos que hoxe asumiron este sistema de comunicación son os adultos que o día de mañá o manterán, tanto por autocomplacencia como tamén por imperativos tecnolóxicos.

anteriormente. Co tempo, ben seguro que desenvolveremos mecanismos intelectuais que nos permitirán comprender o significado das palabras sen necesidade de velas completas e sen vocais indispensables ata o momento, mais, polo de agora, no Estado español aínda se farán os exames de selectividade de xeito tradicional e coas linguas oficiais coma sempre, grzs a 2.



SOFTGAL

desarrollo e integración de sistemas


soluciones e-business

ingeniería de sistemas, redes y comunicaciones

integración sistemas multimedia y audiovisuales

soluciones de almacenamiento

infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa

CASE ME MATA
ESTOU MAL DESESPERADA
DEPRIMIDA TRISTE APÁTICA
CONFUSA ESPERANZADA SORRÍO
ILUSIONADA POSITIVA
DIVÍRTOME SÍNTOME BEN
OUTRA VEZ SON EU

Da violencia de xénero podemos saír

213 salarios da liberdade concedidos este ano, 213 mulleres viven un pouco mellor.

No 2007 haberá máis salarios da liberdade

**25 de novembro. Día Internacional para
a eliminación da violencia contra as mulleres**

Teléfono das Mulleres 900 400 273
Programa de Homes 630 170 140



Fondo Social
Europeo



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade